

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**20253** *LEI 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.* («BOE» 264, do 4-11-2003.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### I

A Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, instaurou un réxime plenamente liberalizado na prestación de servizos e o establecemento e explotación de redes de telecomunicacións, abrindo o sector á libre competencia entre operadores. O marco normativo establecido por ela demostrou unha eficacia que permitiu que no noso país xurdise unha multiplicidade de operadores para os distintos servizos, redundando nunha maior capacidade de escolla polos usuarios e a aparición dun importante sector das telecomunicacións, o que, pola súa vez, forneceu as infraestruturas e condicións idóneas para fomenta-lo desenvolvemento da sociedade da información, mediante a súa conxunción co sector audiovisual e o dos servizos telemáticos, arredor da implantación da internet.

Consciente dos importantes logros obtidos, a Unión Europea dirixiu os seus esforzos a consolida-lo marco harmonizado de libre competencia nas telecomunicacións alcanzado nos seus Estados membros. Este esforzo desembocou na aprobación dun novo marco regulador das comunicacións electrónicas, composto por diversas disposicións comunitarias. Trátase da Directiva 2002/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/20/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/22/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa ó servizo universal e ós dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/19/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa ó acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión; a Directiva 2002/58/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ó tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/77/CE, da Comisión, do 16 de setembro de 2002, relativa á competencia nos

mercados de redes e servizos de comunicacións electrónicas; e, finalmente, a Decisión n.º 676/2002/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, sobre un marco regulador da política do espectro radioeléctrico na Comunidade Europea. Mediante esta lei traspóñense as citadas directivas. Cabe sinalar que a Directiva 2002/58/CE se traspón na medida en que atinxe as redes e os servizos de comunicacións electrónicas.

A nova regulación comunitaria supón un afondamento nos principios xa consagrados na normativa anterior, baseados nun réxime de libre competencia, a introdución de mecanismos correctores que garantan a aparición e viabilidade de operadores distintos ós titulares do antigo monopolio, a protección dos dereitos dos usuarios, a mínima intervención da Administración no sector, o respecto da autonomía das partes nas relacións entre operadores e a supervisión administrativa dos aspectos relacionados co servizo público, o dominio público e a defensa da competencia.

Esta lei, xunto co seu necesario desenvolvemento regulamentario, incorpora ó ordenamento xurídico español o contido da normativa comunitaria citada, respectando plenamente os principios recollidos nela, aínda que adaptándoo ás peculiaridades propias do dereito e á situación económica e social do noso país. Isto último, ademais, propiciado polo instrumento xurídico formal en que se plasma a regulación comunitaria, isto é, a directiva, que permite que os Estados membros elixan a vía idónea para incorporar a cada país a regulación harmonizada.

Foi un criterio inspirador deste texto legal unha simplificación da regulación contida nel. Deste modo, preténdese a existencia dunha norma legal que garanta os principios básicos xa expostos, pero que, á vez, forneza a necesaria flexibilidade para un texto con vocación de permanencia.

#### II

É preciso destaca-los seguintes aspectos da nova regulación.

En primeiro lugar, diríxese a regular exclusivamente o sector das telecomunicacións, en exercicio da competencia exclusiva do Estado prevista no artigo 149.1.21.ª da Constitución. A lei exclúe expresamente da súa regulación os contidos difundidos a través de medios audiovisuais, que constitúen parte do réxime dos medios de comunicación social, e que se caracterizan por seren transmitidos nun só sentido de forma simultánea a unha multiplicidade de usuarios. Igualmente exclúese da súa regulación a prestación de servizos sobre as redes de telecomunicacións que non consistan principalmente no transporte de sinais a través desas redes. Estes últimos son obxecto de regulación na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Non obstante, as redes utilizadas como soporte dos servizos de radiodifusión sonora e televisiva, as redes de televisión por cable e os recursos asociados, como parte integrante

s  
das comunicacións electrónicas, estarán suxeitos ó establecido nesta lei.

O conxunto de directivas citadas ten por obxecto a regulación das comunicacións electrónicas. O concepto de «comunicacións electrónicas» ten un ámbito máis restrinxido que o de «telecomunicacións». En efecto, ó regular as comunicacións electrónicas, as directivas refírense a ámbitos concretos das telecomunicacións, como serían, entre outros, a habilitación para actuar como operador neste sector, os dereitos e as obrigas dos operadores, as obrigas en materia de interconexión e acceso, a necesidade de garantir unhas prestacións mínimas baixo o epígrafe do servizo universal e os dereitos dos usuarios.

Sen embargo, como pode facilmente advertirse, as directivas non abordan certos temas que se encontran dentro do réxime das telecomunicacións, como poderían ser os requisitos para a avaliación da conformidade e posta no mercado dos aparellos de telecomunicacións. De aí que o termo «telecomunicacións» se manteña na rúbrica da lei, sendo así que o seu articulado distingue entre os supostos en que se están regulando aspectos relativos ó réxime das comunicacións electrónicas e os que non se inclúen en tal epígrafe, todos eles, iso si, baixo o denominador común das telecomunicacións.

Como consecuencia, toda a regulación das comunicacións electrónicas se entende incluída no concepto máis amplo de telecomunicacións e, polo tanto, dictada polo Estado en virtude da súa atribución competencial exclusiva do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Avánzase na liberalización da prestación de servizos e a instalación e explotación de redes de comunicacións electrónicas. Neste sentido, cumprindo co principio de intervención mínima, enténdese que a habilitación para a dita prestación e explotación a terceiros vén concedida con carácter xeral e inmediato pola lei. Unicamente será requisito previo a notificación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións para iniciar a prestación do servizo. Desaparecen, pois, as figuras das autorizacións e licencias previstas na Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, como títulos habilitantes individualizados de que era titular cada operador para a prestación de cada rede ou servizo.

Refórzanse as competencias e facultades da Comisión do Mercado das Telecomunicacións en relación coa supervisión e regulación dos mercados. Prevese un sistema que gaña en flexibilidade, mediante o cal este organismo realizará análises periódicas dos distintos mercados de referencia, detectando aqueles que non se estean a desenvolver nun contexto de competencia efectiva e impondo, nese caso, obrigas específicas ós operadores con poder significativo no mercado. É innovador tamén a mudanza na definición deste tipo de operadores, pasando dun concepto «formal», isto é, baseado na superación dunha determinada cota de mercado, a un «material», máis achegado ó tradicional dereito da competencia, é dicir, baseado na posición de forza do operador que lle permite actuar con independencia dos seus competidores ou dos consumidores que sexan persoas físicas e usuarios.

En relación coa garantía dos dereitos dos usuarios, a lei recolle a ampliación das prestacións, que, como mínimo esencial, se deben garantir a tódolos cidadáns, baixo a denominación de «servizo universal». Inclúese o acceso funcional á internet, xa incorporado anticipadamente pola Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e a posibilidade de que se ofrezan opcións tarifarias especiais que permitan un maior control do gasto polos usuarios. Ademais, amplíase o catálogo de dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e usuarios recoñecidos con rango legal.

A regulación da ocupación do dominio público ou a propiedade privada para a instalación de redes pretende establecer uns criterios xerais, que deberán ser respectados polas administracións públicas titulares do dominio público. Deste modo, recoñécenselles dereitos de ocupación a tódolos operadores que practiquen a notificación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na medida en que sexa necesario para a instalación das súas redes, á vez que se detallan os principios básicos que garantan o exercicio dese dereito en condicións de igualdade e transparencia, con independencia da Administración ou o titular do dominio público ou a propiedade privada.

No referente ó dominio público radioeléctrico, incorpóranse a regulación e as tendencias comunitarias na materia, isto é, a garantía do uso eficiente do espectro radioeléctrico, como principio superior que debe guiar a planificación e a asignación de frecuencias pola Administración e o uso destas polos operadores. Así mesmo, ábrese a posibilidade da cesión de dereitos de uso do espectro radioeléctrico, nas condicións que se determinen regulamentariamente. Nos supostos en que as bandas de frecuencias asignadas a determinados servizos sexan insuficientes para atender a demanda dos operadores, prevese a celebración de procedementos de licitación. Como requisito esencial na prestación de servizos mediante tecnoloxías que usen o dominio público radioeléctrico, establécese o respecto ós límites das emisións radioeléctricas establecidas na normativa vixente.

A lei tamén ten como obxectivo o establecemento dunha serie de criterios que guíen a actuación na imposición de taxas que atinxan os servizos de telecomunicacións. Distingue entre aquelas taxas que respondan á necesidade de compensar actuacións administrativas, onde a contía se fixará en función do seu custo, daquelas impostas sobre o uso de recursos asociados, como o dominio público, as frecuencias ou a numeración. Neste último caso perseguirase garanti-lo seu uso óptimo, tendo en conta o valor do ben e a súa escaseza. Como principios básicos destas exaccións establécense a transparencia, a proporcionalidade e a súa xustificación obxectiva.

Na tipificación de infraccións e na imposición das correspondentes sancións reforzáronse as potestades administrativas, como necesario contrapunto a unha maior simplificación nas condicións para obter a habilitación para prestar servizos. Con isto, o control «ex ante» que supoñía a obtención dunha autorización individualizada para cada operador coa Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, vén ser substituído por un «ex post», mediante a posibilidade de obter información dos operadores, de impor medidas cautelares no procedemento sancionador ou de inhabilitar as empresas que cometan infraccións moi graves.

Nas súas disposicións adicionais e transitorias, a lei aborda certos problemas derivados da súa entrada en vigor ou conexas con esta regulación. Entre eles, cabe destacar a adaptación automática prevista para os títulos habilitantes anteriores a esta lei, que será levada a cabo pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. O obxecto desta lei é a regulación das telecomunicacións, que abranguen a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e os recursos asociados, de conformidade co artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Quedan excluídos do ámbito desta lei o réxime aplicable ós contidos de carácter audiovisual transmitidos a través das redes, ben como o réxime básico dos medios de comunicación social de natureza audiovisual a que se refire o artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.

Así mesmo, exclúese do ámbito desta lei a regulación dos servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas, das actividades que consistan no exercicio do control editorial sobre estes contidos e os servizos da Sociedade da Información, regulados na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, que non consistan, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas.

**Artigo 2. *As telecomunicacións como servizos de interese xeral.***

1. As telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de libre competencia.

2. Só teñen a consideración de servizo público ou están sometidos a obrigas de servizo público os servizos regulados no artigo 4 e no título III desta lei.

A imposición de obrigas de servizo público perseguirá a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3 desta lei e poderá recaer sobre os operadores que obteñan dereitos de ocupación do dominio público ou da propiedade privada, de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, ou que teñan a condición de operador con poder significativo nun determinado mercado de referencia.

**Artigo 3. *Obxectivos e principios da lei.***

Os obxectivos e principios desta lei son os seguintes:

a) Fomenta-la competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións e, en particular, na explotación das redes e na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e no fornecemento dos recursos asociados a eles, todo isto promovendo un investimento eficiente en materia de infraestruturas e fomentando a innovación.

b) Garanti-lo cumprimento das referidas condicións e das obrigas de servizo público na explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, en especial as de servizo universal.

c) Promove-lo desenvolvemento do sector das telecomunicacións, así como a utilización dos novos servizos e o despregamento de redes, e o acceso a estes, en condicións de igualdade, e impulsa-la cohesión territorial, económica e social.

d) Facer posible o uso eficaz dos recursos limitados de telecomunicacións, como a numeración e o espectro radioeléctrico, e a adecuada protección deste último, e o acceso ós dereitos de ocupación da propiedade pública e privada.

e) Defende-los intereses dos usuarios, asegurando o seu dereito ó acceso ós servizos de comunicacións electrónicas en adecuadas condicións de escolla, prezo e calidade, e salvaguardar, na prestación destes, a vixencia dos imperativos constitucionais, en particular, o de non-discriminación, o do respecto ós dereitos á honra, á intimidade, á protección dos datos persoais e ó segredo nas comunicacións, o da protección da mocidade e da infancia e a satisfacción das necesidades dos grupos con necesidades especiais, tales como as persoas con discapacidade. Para estes efectos poderánselles impor obriga ós prestadores dos servizos para a garantía deses dereitos.

f) Fomentar, na medida do posible, a neutralidade tecnolóxica na regulación.

g) Promove-lo desenvolvemento da industria de produtos e servizos de telecomunicacións.

h) Contribuír ó desenvolvemento do mercado interior de servizos de comunicacións electrónicas na Unión Europea.

**Artigo 4. *Servizos de telecomunicacións para a defensa nacional e a protección civil.***

1. As redes, servizos, instalacións e equipamentos de telecomunicacións que desenvolvan actividades esenciais para a defensa nacional integran os medios destinados a esta, resérvanse para o Estado e réxense pola súa normativa específica.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía é o órgano da Administración xeral do Estado con competencia, de conformidade coa lexislación específica sobre a materia e o establecido nesta lei, para executar, na medida en que lle afecte, a política de defensa nacional no sector das telecomunicacións, coa debida coordinación co Ministerio de Defensa e seguindo os criterios fixados por este.

No marco das funcións relacionadas coa defensa civil, correspóndelle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía estudar, planear, programar, propor e executar cantas medidas se relacionen coa súa contribución á defensa nacional no ámbito das telecomunicacións.

Para tales efectos, os ministerios de Defensa e de Ciencia e Tecnoloxía coordinarán a planificación do sistema de telecomunicacións das Forzas Armadas, co fin de asegurar, na medida do posible, a súa compatibilidade cos servizos civís. Así mesmo elaborarán os programas de coordinación tecnolóxica precisos que faciliten a harmonización, homologación e utilización, conxunta ou indistinta, dos medios, sistemas e redes civís e militares no ámbito das telecomunicacións. Para o estudo e informe destas materias, constituiranse os órganos interministeriais que se consideren adecuados, coa composición e competencia que se determinen regulamentariamente.

3. Nos ámbitos da seguridade pública e da protección civil, na súa específica relación co uso das telecomunicacións, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía cooperará co Ministerio do Interior e cos órganos responsables das comunidades autónomas con competencias sobre as citadas materias.

4. Os bens mobles ou inmobles vinculados ós centros, establecementos e dependencias afectos á explotación das redes e á prestación dos servizos de telecomunicacións disporán das medidas e sistemas de seguridade, vixilancia, difusión de información, prevención de riscos e protección que determine o Goberno, por proposta dos ministerios de Defensa, do Interior ou de Ciencia e Tecnoloxía, dentro do ámbito das súas respectivas competencias. Estas medidas e sistemas deberán estar dispoñibles nas situacións de normalidade ou nas de crise, así como nos supostos previstos na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio, e na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.

5. O Goberno, con carácter excepcional e transitorio, poderá acorda-la asunción pola Administración xeral do Estado da xestión directa de determinados servizos ou da explotación de certas redes de comunicacións electrónicas, de acordo co texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, para garanti-la seguridade pública e a defensa nacional. Así mesmo, no caso de incumprimento das obrigas de servizo público ás que se refire o título III desta lei, o Goberno, logo de informe preceptivo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e igualmente con carácter excepcional e transitorio, poderá acorda-la asunción pola

s  
 Administración xeral do Estado da xestión directa dos correspondentes servizos ou da explotación das correspondentes redes. Neste último caso, poderá, coas mesmas condicións, intervir a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

Os acordos de asunción da xestión directa do servizo e de intervención deste ou os de intervir ou explotalas redes a que se refire o parágrafo anterior serán adoptados polo Goberno por propia iniciativa ou por instancia dunha Administración pública territorial. Neste último caso será preciso que a Administración pública territorial teña competencias en materia de seguridade ou para a prestación dos servizos públicos afectados polo anormal funcionamento do servizo ou da rede de comunicacións electrónicas. No suposto de o procedemento se iniciar por instancia dunha Administración distinta da do Estado, aquela terá a consideración de interesada e poderá evacuar informe con carácter previo á resolución final.

6. A regulación contida nesta lei enténdese sen prexuízo do previsto na normativa específica sobre telecomunicacións relacionadas coa seguridade pública e a defensa nacional.

## TÍTULO II

### Explotación de redes e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de libre competencia

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 5. *Principios aplicables.*

1. A explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas realizarase en réxime de libre competencia sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

2. A adquisición dos dereitos de uso de dominio público radioeléctrico, de ocupación do dominio público ou da propiedade privada e dos recursos de numeración necesarios para a explotación de redes e para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas deberase realizar conforme o disposto na súa normativa específica.

#### Artigo 6. *Requisitos esixibles para a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.*

1. Poderán explotar redes e prestar servizos de comunicacións electrónicas a terceiros as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou con outra nacionalidade, cando, no segundo caso, así estea previsto nos acordos internacionais que vinculen o Reino de España. Para o resto de persoas físicas ou xurídicas, o Goberno poderá autorizar excepcións de carácter xeral ou particular á regra anterior.

En todo caso, as persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas a terceiros deberán designar unha persoa responsable para efecto de notificacións domiciliada en España, sen prexuízo do que poidan preve-los acordos internacionais.

2. Os interesados na explotación dunha determinada rede ou na prestación dun determinado servizo de comunicacións electrónicas deberán, con anterioridade ó inicio da actividade, notificalo de maneira que faga

fe á Comisión do Mercado das Telecomunicacións nos termos que se determinen mediante real decreto, someténdose ás condicións previstas para o exercicio da actividade que pretendan realizar. Quedan exentos desta obriga os que exploten redes e presten servizos de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación.

3. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións constate que a notificación non reúne os requisitos establecidos no número anterior, dictará resolución motivada nun prazo máximo de 15 días, non tendo por realizada aquela.

#### Artigo 7. *Rexistro de operadores.*

Créase, dependente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, o Rexistro de operadores. Este rexistro será de carácter público e a súa regulación farase por real decreto. Nel deberanse inscribi-los datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que notificasen a súa intención de explotar redes ou prestar servizos de comunicacións electrónicas, as condicións para desenvolver-la actividade e as súas modificacións.

#### Artigo 8. *Condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.*

1. A explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas suxeitaranse ás condicións previstas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, entre as cales se incluírán as de salvagarda dos dereitos dos usuarios finais.

2. Consonte os principios de obxectividade e de proporcionalidade, o Goberno poderá modifica-las condicións impostas logo de audiencia dos interesados, do Consello de Consumidores e Usuarios e, se é o caso, das asociacións máis representativas dos restantes usuarios, e informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A modificación realizarase mediante real decreto, que establecerá un prazo para os operadores se adaptaren a aquela.

3. As entidades públicas ou privadas que, de acordo coa lexislación vixente, teñan dereitos especiais ou exclusivos para a prestación de servizos noutro sector económico e que exploten redes públicas ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público deberán levar contas separadas e auditadas para as súas actividades de comunicacións electrónicas, ou establecer unha separación estrutural para as actividades asociadas coa explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Mediante real decreto poderase establece-la exención desta obriga para as entidades cun volume de negocios anual en actividades asociadas coas redes ou servizos de comunicacións electrónicas inferior a 50 millóns de euros.

4. A explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas polas administracións públicas, directamente ou a través de sociedades no capital das cales participen maioritariamente, axustarase ó disposto nesta lei e ás súas normas de desenvolvemento e realizarase coa debida separación de contas e conforme os principios de neutralidade, transparencia e non-discriminación. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor condicións especiais que garantan a non-distorsión da libre competencia.

#### Artigo 9. *Obrigas de subministración de información.*

1. As autoridades nacionais de regulamentación poderán, no ámbito da súa actuación, requirir ás persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten ser-

vicios de comunicacións electrónicas, a información necesaria para o cumprimento dalgunha das seguintes finalidades:

- a) Comproba-lo cumprimento das obrigas que resulten dos dereitos de uso do dominio público radioelétrico, da numeración ou da ocupación do dominio público ou da propiedade privada.
- b) Satisfacer necesidades estatísticas ou de análise.
- c) Avalia-la procedencia das solicitudes de dereitos de uso do dominio público radioelétrico e da numeración.
- d) A publicación de sínteses comparativas sobre prezos e calidade dos servizos, en interese dos usuarios.
- e) Elaborar análises que permitan a definición dos mercados de referencia, a determinación dos operadores encargados de presta-lo servizo universal e o establecemento de condicións específicas ós operadores con poder significativo de mercado naqueles.
- f) Cumprir-los requirimentos que veñan impostos no ordenamento xurídico.
- g) Comproba-lo cumprimento do resto de obrigas nacidas desta lei.

Esta información, excepto aquela á que se refire a alínea c), non se poderá esixir antes do inicio da actividade e subministrarse no prazo que se estableza en cada requirimento, atendidas as circunstancias do caso. As autoridades nacionais de regulamentación garantirán a confidencialidade da información subministrada que poida afectar-lo segredo comercial ou industrial.

2. As solicitudes de información que se realicen de conformidade co número anterior deberán ser motivadas e proporcionadas ó fin perseguido.

## CAPÍTULO II

### **Mercados de referencia e operadores con poder significativo no mercado**

Artigo 10. *Mercados de referencia e operadores con poder significativo no mercado.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, tendo en conta as directrices da Comisión Europea para a análise de mercados e a determinación de operadores con peso significativo no mercado, así como a Recomendación de mercados relevantes, definirá, mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», os mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, entre os que se incluírán os correspondentes mercados de referencia por xunto e polo miúdo, e o seu ámbito xeográfico, as características dos cales poden xustifica-la imposición de obrigas específicas.

2. Así mesmo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo, como mínimo cada dous anos, unha análise dos citados mercados, tendo en conta as directrices establecidas pola Comisión Europea. Esta análise realizarase logo de informe do Servizo de Defensa da Competencia.

3. A análise a que se refire o número anterior terá como finalidade determinar se os distintos mercados de referencia se desenvolven nun ambiente de competencia efectiva. En caso contrario, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións identificará e fará públicos o operador ou operadores que posúen un poder significativo en cada mercado considerado.

Cando un operador ou operadores teñan, individual ou conxuntamente, poder significativo nun mercado de referencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá declarar que o teñen tamén noutro mercado de referencia estreitamente relacionado co anterior

cando os vínculos entre ambos sexan tales que resulte posible facer que o poder que se ten nun mercado produza repercusións no outro, reforzando desta maneira o poder no mercado do operador.

4. Naqueles mercados en que se constate a inexistencia dun ambiente de competencia efectiva, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor, manter ou modificar determinadas obrigas específicas ós operadores que, de conformidade co número anterior, fosen identificados como operadores con poder significativo neses mercados. Na imposición das ditas obrigas outorgarase preferencia ás medidas en materia de acceso, interconexión, selección e preselección fronte a outras con maior incidencia na libre competencia.

As obrigas específicas a que se refiren os parágrafos anteriores basearanse na natureza do problema identificado, serán proporcionadas e estarán xustificadas no cumprimento dos obxectivos do artigo 3 desta lei. Estas obrigas manteranse en vigor durante o tempo estritamente imprescindible.

A hora de impor obrigas específicas, tomaranse en consideración, se é o caso, as condicións peculiares presentes en novos mercados en expansión, isto é, aqueles con perspectivas de crecemento elevadas e niveis reducidos de contratación polos usuarios e nos cales aínda non se atinxiu unha estrutura estable, para evitar que se limite ou atrase o seu desenvolvemento.

5. Nos mercados nos que se constate a existencia de competencia efectiva, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións suprimirá as obrigas específicas que, se é o caso, tivesen impostas os operadores por teren sido declarados con poder significativo neses mercados.

6. Regulamentariamente, o Goberno establecerá as obrigas específicas para os mercados de referencia previstas neste artigo, entre as que se incluírán as recollidas no artigo 13 desta lei e as relativas ós mercados polo miúdo, ben como as condicións para a súa imposición, modificación ou supresión.

## CAPÍTULO III

### **Acceso ás redes e recursos asociados e interconexión**

Artigo 11. *Principios xerais aplicables ó acceso ás redes e recursos asociados e á súa interconexión.*

1. Este capítulo e o seu desenvolvemento regulamentario serán aplicables á interconexión e ós accesos a redes públicas de comunicacións electrónicas e ós seus recursos asociados, salvo que o beneficiario do acceso sexa un usuario final.

2. Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas terán o dereito e, cando o soliciten outros operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas, a obriga de negocia-la interconexión mutua co fin de prestar servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público, co obxecto de garantir así a prestación de servizos e a súa interoperabilidade.

3. Non existirán restriccións que impidan que os operadores negocien entre si acordos de acceso ou interconexión. A persoa física ou xurídica habilitada para explotar redes ou prestar servizos noutro Estado membro da Unión Europea que solicite acceso ou interconexión en España non necesitará levar a cabo a notificación á que se refire o artigo 6 da lei, cando non explote redes nin preste servizos de comunicacións electrónicas no territorio nacional.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá intervir nas relacións entre operadores, por petición de calquera das partes implicadas, ou de oficio cando estea xustificada, con obxecto de fomentar e, se é

s  
o caso, garanti-la adecuación do acceso, a interconexión e a interoperabilidade dos servizos, así como a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3. Así mesmo, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá actuar, no ámbito das súas competencias, para conseguirlos citados obxectivos.

5. As obrigas e condicións que se impoñan de conformidade con este capítulo serán obxectivas, transparentes, proporcionadas e non discriminatorias.

6. Os operadores que obteñan información doutros, no proceso de negociación de acordos de acceso ou interconexión, destinarán esta información exclusivamente ós fins para os que lles foi facilitada e respectarán en todo momento a confidencialidade da información transmitida ou almacenada, en especial respecto de terceiros, incluídos outros departamentos da propia empresa, filiais ou asociados.

**Artigo 12. *Condicións aplicables ó acceso ás redes e recursos asociados e á súa interconexión.***

1. Cando se impoñan obrigas a un operador de redes públicas de comunicacións electrónicas para que facilite acceso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá establecer determinadas condicións técnicas ou operativas ó citado operador ou ós beneficiarios dese acceso cando isto sexa necesario para garanti-lo funcionamento normal da rede, conforme se estableza regulamentariamente.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na medida en que sexa necesario garanti-la posibilidade de conexión de extremo a extremo, poderá impor obrigas ós operadores que controlen o acceso ós usuarios finais, incluída, en casos xustificadas, a obriga de interconectar as súas redes cando non o fixesen.

**Artigo 13. *Obrigas aplicables ós operadores con poder significativo en mercados de referencia.***

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na forma e nas condicións que se determinen en desenvolvemento do número 6 do artigo 10, poderalles impor ós operadores que, de conformidade co dito artigo, fosen declarados con poder significativo no mercado obrigas en materia de:

a) Transparencia, en relación coa interconexión e o acceso, conforme as cales os operadores deberán facer público determinado tipo de información, como a relativa a contabilidade, especificacións técnicas, características das redes, condicións de subministración e utilización, e prezos. En particular, cando se impoñan obrigas de non-discriminación a un operador, poderáselle esixir que publique unha oferta de referencia.

b) Non-discriminación, que garantirán, en particular, que o operador aplique condicións equivalentes en circunstancias semellantes a outros operadores que presten servizos equivalentes e proporcione a terceiros servizos e información da mesma calidade que os que proporcione para os seus propios servizos ou os das súas filiais ou asociados e nas mesmas condicións.

c) Separación de contas, no formato e coa metodoloxía que, se é o caso, se especifiquen.

d) Acceso a recursos específicos das redes e á súa utilización.

e) Control de prezos, tales como a orientación dos prezos en función dos custos, e contabilidade de custos, para evitar prezos excesivos ou a comprensión dos prezos en detrimento dos usuarios finais.

2. En circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de sometemento ó mecanismo de consulta

previsto na disposición adicional oitava, poderá impor obrigas relativas ó acceso ou á interconexión que non se limiten ás materias enumeradas no número anterior, así como a operadores que non fosen declarados con poder significativo no mercado.

**Artigo 14. *Resolución de conflitos.***

1. Dos conflitos en materia de obrigas de interconexión e acceso derivadas desta lei e das súas normas de desenvolvemento coñecerá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Esta, logo de audiencia das partes, dictará resolución vinculante sobre os extremos obxecto do conflito, no prazo máximo de catro meses a partir do momento en que se pida a súa intervención, sen prexuízo de se poderen adoptar medidas provisionais ata o momento en que se dicte a resolución definitiva.

2. No caso de se producir un conflito transfronteirizo en que unha das partes estea radicada noutro Estado membro da Unión Europea, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en caso de que calquera das partes así o solicite, coordinará, nos termos que se establezan mediante real decreto, os seus esforzos para encontrar unha solución ó conflito coa outra ou outras autoridades nacionais de regulamentación afectadas.

**Artigo 15. *Normas técnicas.***

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos acordos de acceso e interconexión, fomentará o uso das normas ou especificacións técnicas identificadas na relación que a Comisión Europea elabore para tal efecto, que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado» cando fosen declaradas de uso obrigatorio, para garanti-la interoperabilidade dos servizos e para potencia-la liberdade de escolla dos usuarios.

En defecto desas normas, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións fomentará a aplicación das normas, especificacións ou recomendacións que aproben os organismos europeos ou, en ausencia destas, os organismos internacionais de normalización.

**CAPÍTULO IV**

**Numeración, enderezamento e denominación**

**Artigo 16. *Principios xerais.***

1. Para os servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público fornecerase os números e os enderezos que se precisen para permiti-la súa efectiva prestación, tomándose esta circunstancia en consideración nos plans nacionais de numeración e enderezamento, respectivamente.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a regulación dos nomes de dominio da internet baixo o indicativo do país correspondente a España («.es») rexerá pola súa normativa específica.

3. Correspóndelle ó Goberno a aprobación dos plans nacionais de numeración e, se é o caso, de enderezamento e nomes, tendo en conta as decisións aplicables que se adopten no seo das organizacións e os foros internacionais. O procedemento e os prazos para a asignación de números, así como as condicións asociadas ó uso dos números, que serán non discriminatorias, proporcionadas e transparentes, estableceranse regulamentariamente. Transcorrido o prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

4. Correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a xestión e o control dos plans nacionais de numeración e de códigos de puntos de sinalización.

Mediante real decreto determinaranse as entidades encargadas da xestión e control doutros plans nacionais de enderezamento e, se é o caso, de nomes.

5. Os operadores ós que se asignase unha serie de números non poderán discriminar outros operadores no que se refire ás secuencias de números utilizadas para dar acceso ós servizos destes.

6. Os operadores que exploten redes públicas telefónicas ou presten servizos telefónicos dispoñibles ó público deberán cursar as chamadas que se efectúen ós rangos de numeración telefónica nacional, ó espazo europeo de numeración telefónica e a outros rangos de numeración internacional, nos termos que se especifican nos plans nacionais de numeración ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

7. A asignación de recursos públicos de numeración non suporá o outorgamento de máis dereitos que o do seu uso conforme o que se establece nesta lei. Tódolos operadores e, se é o caso, os fabricantes e os comerciantes estarán obrigados a tomar as medidas necesarias para o cumprimento das decisións que se adopten polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias sobre numeración, enderezos e nomes.

Os usuarios finais terán, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da lei, acceso á numeración. Esta normativa poderá prever, cando estea xustificada, o acceso polos usuarios finais ós números de forma directa e independente dos operadores para determinados rangos que se definan nos plans nacionais de numeración ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

#### Artigo 17. *Plans nacionais.*

1. Os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento designarán os servizos para os que se poidan utilizar os números e, se é o caso, enderezos e nomes correspondentes, incluído calquera requisito relacionado coa prestación de tales servizos.

2. O contido dos citados plans e o dos actos derivados do seu desenvolvemento e xestión serán públicos, salvo no relativo a materias que poidan afectar a seguridade nacional.

3. A fin de cumprir coas obrigas e recomendacións internacionais ou para garantir a dispoñibilidade suficiente de números, enderezos e nomes, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, de oficio ou por instancia da entidade encargada da xestión e control do plan nacional correspondente e mediante orde ministerial publicada no «Boletín Oficial del Estado», poderá modificar a estrutura e a organización dos plans nacionais ou, en ausencia destes ou de plans específicos para cada servizo, establecer medidas sobre a utilización dos recursos numéricos e alfanuméricos necesarios para a prestación dos servizos. Deberanse ter en conta, para tales efectos, os intereses dos afectados e os gastos de adaptación que, de todo isto, se deriven para os operadores e para os usuarios. As modificacións que se pretendan realizar deberán ser publicadas antes da súa entrada en vigor e cunha anticipación suficiente.

4. Os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento poderán establecer procedementos de selección competitiva ou comparativa para a asignación de números e nomes con valor económico excepcional.

#### Artigo 18. *Conservación dos números telefónicos polos abonados.*

Os operadores que exploten redes públicas telefónicas ou presten servizos telefónicos dispoñibles ó públi-

co garantirán que os abonados ós ditos servizos poidan conservar, logo de solicitude, os números que lles fosen asignados, con independencia do operador que preste o servizo. Mediante real decreto fixaranse os supostos ós que sexa de aplicación a conservación de números, así como os aspectos técnicos e administrativos necesarios para que esta se leve a cabo.

Os custos derivados da actualización dos elementos da rede e dos sistemas necesarios para facer posible a conservación dos números deberán ser sufragados por cada operador sen que, por isto, teñan dereito a percibir indemnización ningunha. Os demais custos que produza a conservación dos números telefónicos repartiranse, a través do oportuno acordo, entre os operadores afectados polo cambio. Na falta de acordo, resolverá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Os prezos de interconexión para a aplicación das facilidades de conservación dos números deberán estar orientados en función dos custos e, en caso de imporse cotas directas ós abonados, non deberán ter, en ningún caso, efectos disuasorios para o uso desas facilidades.

#### Artigo 19. *Selección de operador.*

Os operadores que, de conformidade co artigo 10, fosen declarados con poder significativo no fornecemento de conexión á rede telefónica pública e utilización desta desde unha localización fixa, permitiranlles ós seus abonados, nos termos que regulamentariamente determine o Goberno, o acceso ós servizos de calquera provedor interconectado de servizos telefónicos dispoñibles ó público en cada chamada, mediante a marcación dun código de selección de operador, e por preselección, con posibilidade de anulala chamada a chamada mediante marcación dun código de selección de operador. Os prezos de interconexión relacionados coas facilidades arriba mencionadas estableceranse en función dos custos.

Así mesmo, mediante real decreto poderanse establecer obrigas de selección e preselección de operador en redes distintas das mencionadas no parágrafo anterior.

A obriga de confidencialidade recollida no número 6 do artigo 11 é aplicable ós operadores respecto dos procesos de negociación de acordos de preselección.

### TÍTULO III

#### Obrigas de servizo público e dereitos e obrigas de carácter público na explotación de redes e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas

##### CAPÍTULO I

##### Obrigas de servizo público

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DELIMITACIÓN

#### Artigo 20. *Delimitación das obrigas de servizo público.*

1. Este capítulo ten por obxecto garantir a existencia de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público, de adecuada calidade en todo o territorio nacional a través dunha competencia e unha liberdade de escolla reais, e trata as circunstancias en que as necesidades dos usuarios finais non se vexan atendidas de maneira satisfactoria polo mercado.

2. Os operadores suxeitaranse ó réxime de obrigas de servizo público e de carácter público, de acordo co

s establecido neste título. Cando se impoñan obrigas de servizo público, conforme o disposto neste capítulo, aplícarase con carácter supletorio o réxime establecido para a concesión de servizo público determinado polo texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

3. O cumprimento das obrigas de servizo público na explotación de redes públicas e na prestación de servizos de comunicacións electrónicas para os que aquelas sexan esixibles efectuarase con respecto ós principios de igualdade, transparencia, non-discriminación, continuidade, adaptabilidade, dispoñibilidade e permanencia e conforme os termos e as condicións que regulamentariamente se determinen.

4. Correspóndelle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía o control e o exercicio das facultades da Administración relativas ás obrigas de servizo público e de carácter público a que se refire este artigo.

#### Artigo 21. *Categorías de obrigas de servizo público.*

Os operadores están sometidos ás seguintes categorías de obrigas de servizo público:

- a) O servizo universal nos termos contidos na sección 2.<sup>a</sup> deste capítulo.
- b) Outras obrigas de servizo público impostas por razóns de interese xeral, na forma e coas condicións establecidas na sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> O SERVIZO UNIVERSAL

#### Artigo 22. *Concepto e ámbito de aplicación.*

1. Enténdese por servizo universal o conxunto definido de servizos a prestación dos cales se garante para tódolos usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e a un prezo alcanzable.

Baixo o mencionado concepto de servizo universal deberase garantir, nos termos e coas condicións que regulamentariamente determine o Goberno:

a) Que tódolos usuarios finais poidan obter unha conexión á rede telefónica pública desde unha localización fixa e acceder á prestación do servizo telefónico dispoñible ó público, sempre que as súas solicitudes se consideren razoables nos termos que regulamentariamente se determinen. A conexión débelle ofrecer ó usuario final a posibilidade de efectuar e recibir chamadas telefónicas e permitir comunicacións de fax e datos a velocidade suficiente para acceder de forma funcional á internet.

b) Que se poña ó dispor dos abonados ó servizo telefónico dispoñible ó público unha guía xeral de números de abonados, xa sexa impresa ou electrónica, ou ambas, e que se actualice, como mínimo, unha vez ó ano. Así mesmo, que se poña ó dispor de tódolos usuarios finais dese servizo, incluídos os usuarios de teléfonos públicos de pagamento, cando menos un servizo de información xeral sobre números de abonados. Tódolos abonados ó servizo telefónico dispoñible ó público terán dereito a figurar na mencionada guía xeral, sen prexuízo, en todo caso, do respecto ás normas que regulen a protección dos datos persoais e o dereito á intimidade.

c) Que exista unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento, en todo o territorio nacional, que satisfaga razoablemente as necesidades dos usuarios finais, en cobertura xeográfica, en número de aparellos, accesibilidade destes teléfonos polos usuarios con discapacidades e calidade dos servizos, e que sexa posible efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia

desde os teléfonos públicos de pagamento sen ter que utilizar ningunha forma de pagamento, utilizando o número único de chamadas de emerxencia 112 e outros números de emerxencia españois.

d) Que os usuarios finais con discapacidade teñan acceso ó servizo telefónico dispoñible ó público desde unha localización fixa e ós demais elementos do servizo universal citados neste artigo en condicións equiparables ás que se ofrecen ó resto de usuarios finais.

e) Que, cando así se estableza regulamentariamente, se lles ofrezan ós consumidores que sexan persoas físicas, de acordo con condicións transparentes, públicas e non discriminatorias, opcións ou paquetes de tarifas que difiran das aplicadas en condicións normais de explotación comercial, con obxecto de garantir, en particular, que as persoas con necesidades sociais especiais poidan ter acceso ó servizo telefónico dispoñible ó público ou facer uso deste.

f) Que se apliquen, cando proceda, opcións tarifarias especiais ou limitacións de prezos, tarifas comúns, equiparación xeográfica ou outros réximes similares, de acordo con condicións transparentes, públicas e non discriminatorias.

2. Regulamentariamente poderanse adoptar medidas co fin de garantir que os usuarios finais con discapacidade tamén se poidan beneficiar da capacidade de escolla de operadores de que desfruta a maioría dos usuarios finais. Así mesmo, poderanse establecer sistemas de axuda directa ós consumidores que sexan persoas físicas con rendas baixas ou con necesidades sociais especiais.

3. Tódalas obrigas que se inclúen no servizo universal estarán suxeitas ós mecanismos de financiamento que se establecen no artigo 24.

4. O Goberno, de conformidade coa normativa comunitaria, poderá revisa-lo alcance das obrigas de servizo universal.

#### Artigo 23. *Prestación do servizo universal.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá designar un ou máis operadores para que garantan a prestación do servizo universal a que se refire o artigo anterior, de maneira que quede cuberta a totalidade do territorio nacional. Para estes efectos poderanse designar operadores diferentes para a prestación de diversos elementos do servizo universal e abranguer distintas zonas do territorio nacional.

2. O sistema de designación de operadores encargados de garanti-la prestación dos servizos, prestacións e ofertas do servizo universal establecerase mediante real decreto, con suxeición ós principios de eficacia, obxectividade, transparencia e non discriminación. En todo caso, preverá un mecanismo de licitación pública para todos ou algúns deses servizos, prestacións e ofertas, que, con pleno respecto dos dereitos anteriormente sinalados, se deberá utilizar cando dun proceso de consulta pública resulte que varios operadores están interesados en seren designados para garanti-la prestación do servizo universal nunha zona xeográfica determinada, con carácter exclusivo ou en competencia con outros operadores. Estes procedementos de designación poderanse utilizar como medio para determina-lo custo neto derivado das obrigas asignadas, para os efectos do disposto no artigo 24.1.

#### Artigo 24. *Custo e financiamento do servizo universal.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará se a obriga da prestación do servizo universal pode implicar unha carga inxustificada para os operadores obrigados á súa prestación. En caso de que



se considere que pode existir a dita carga inxustificada, o custo neto de prestación do servizo universal será determinado periodicamente de acordo cos procedementos de designación previstos no artigo 23.2, ou en función do aforro neto que o operador conseguiría se non tivese a obriga de presta-lo servizo universal. Este aforro neto calcularase de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

2. O custo neto da obriga de prestación do servizo universal será financiado por un mecanismo de compensación, en condicións de transparencia, por todas ou determinadas categorías de operadores nas condicións fixadas nos números seguintes deste artigo. Mediante real decreto fixaranse os termos e as condicións en que se farán efectivas as achegas ó citado mecanismo de compensación.

3. En caso de aplicarse total ou parcialmente un mecanismo de repartición entre os operadores referidos no número anterior e unha vez fixado este custo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará as achegas que correspondan a cada un dos operadores con obrigas de contribución ó financiamento do servizo universal.

As achegas, así como, se é o caso, as deducións e exencións aplicables, fixaranse nas condicións que se establezan no regulamento citado no número anterior.

As achegas recibidas depositaranse no Fondo nacional do servizo universal, que se crea por esta lei.

4. O Fondo nacional do servizo universal ten por finalidade garanti-lo financiamento do servizo universal. Os activos en metálico procedentes dos operadores con obrigas de contribuír ó financiamento do servizo universal depositaranse neste fondo, nunha conta específica designada para tal efecto. Os gastos de xestión desta conta serán deducidos do seu saldo, e os rendementos que este xere, se os houber, minorarán a contribución dos contribuíntes.

Na conta poderanse depositar aquelas achegas que sexan realizadas por calquera persoa física ou xurídica que desexe contribuír, desinteresadamente, ó financiamento de calquera prestación propia do servizo universal.

Os operadores suxeitos a obrigas de prestación do servizo universal recibirán deste fondo a cantidade correspondente ó custo neto que lles supón esa obriga, calculado segundo o procedemento establecido neste artigo.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións encargarse da xestión do Fondo nacional do servizo universal. Mediante real decreto determinarase a súa estrutura, organización, mecanismos de control e a forma e prazos en que se realizarán as achegas. Así mesmo, poderá preve-la existencia dun mecanismo de compensación directa entre operadores cando a magnitude do custo non xustifique os custos de xestión do fondo.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OUTRAS OBRIGAS DE SERVICIO PÚBLICO

#### Artigo 25. *Outras obrigas de servizo público.*

1. O Goberno poderá, por necesidades da defensa nacional, da seguridade pública ou dos servizos que afecten a seguridade das persoas ou a protección civil, impor outras obrigas de servizo público distintas das de servizo universal ós operadores.

2. O Goberno poderá, así mesmo, impor outras obrigas de servizo público, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, motivadas por:

- a) Razóns de cohesión territorial.
- b) Razóns de extensión do uso de novos servizos e tecnoloxías, en especial á sanidade, á educación, á acción social e á cultura.

c) Razóns de facilita-la comunicación entre determinados colectivos que se encontren en circunstancias especiais e estean insuficientemente atendidos coa finalidade de garanti-la suficiencia da súa oferta.

d) Por necesidade de facilita-la dispoñibilidade de servizos que impliquen a acreditación de poder dar fe do contido da mensaxe remitida ou da súa remisión ou recepción.

3. Mediante real decreto regularase o procedemento de imposición das obrigas ás que se refire o número anterior e a súa forma de financiamento.

4. En calquera caso, a obriga de encamiña-las chamadas ós servizos de emerxencia sen dereito a contraprestación económica de ningún tipo deberá ser asumida tanto polos operadores que presten servizos telefónicos dispoñibles ó público como polos que exploten redes telefónicas públicas. Esta obriga imporáselles ós ditos operadores respecto das chamadas dirixidas ó número telefónico 112 de atención a emerxencias e a outros que se determinen mediante real decreto, incluídas aquelas que se efectúen desde teléfonos públicos de pagamento, sen que sexa necesario utilizar ningunha forma de pagamento nestes casos. Así mesmo, estableceranse as condicións para que poñan ó dispor das autoridades receptoras desas chamadas a información relativa á localización da súa procedencia, na medida en que isto sexa tecnicamente viable.

En todo caso, o servizo de chamadas de emerxencia será gratuíto para os usuarios, calquera que sexa a Administración pública responsable da súa prestación e con independencia do tipo de terminal que se utilice.

## CAPÍTULO II

### **Dereitos dos operadores á ocupación do dominio público, a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e ó establecemento ó seu favor de servidumes e de limitacións á propiedade**

#### Artigo 26. *Dereito de ocupación do dominio público.*

1. Os operadores terán dereito, nos termos deste capítulo, á ocupación do dominio público na medida en que isto sexa necesario para o establecemento da rede pública de comunicacións electrónicas de que se trate.

2. Os órganos encargados da redacción dos distintos instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán pedir á Administración xeral do Estado o oportuno informe sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas no ámbito territorial a que se refiran.

Os instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán recolle-las necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas contidas nos informes emitidos polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e garantirán a non-discriminación entre os operadores e o mantemento de condicións de competencia efectiva no sector.

#### Artigo 27. *Dereito de ocupación da propiedade privada.*

1. Os operadores tamén terán dereito, nos termos deste capítulo, á ocupación da propiedade privada cando resulte estrictamente necesario para a instalación da rede na medida prevista no proxecto técnico presentado e sempre que non existan outras alternativas economicamente viables, xa sexa a través da súa expropiación forzosa ou mediante a declaración de servidume forzosa de paso para a instalación de infraestrutura de redes

s  
públicas de comunicacións electrónicas. En ámbolos casos terán a condición de beneficiarios nos expedientes que se tramiten, conforme o disposto na lexislación sobre expropiación forzosa.

2. A aprobación do proxecto técnico polo órgano competente da Administración xeral do Estado levará implícita, en cada caso concreto, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas, para efectos do previsto na lexislación de expropiación forzosa.

3. Con carácter previo á aprobación do proxecto técnico, pedirase informe da comunidade autónoma competente en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de 15 días desde a súa solicitude. Non obstante, logo de solicitude da comunidade autónoma, este prazo será ampliado ata dous meses se o proxecto afecta unha área xeográfica relevante.

4. Nas expropiacións que se leven a cabo para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas os titulares das cales teñan impostas obrigas de servizo público indicadas no artigo 22 ou nos números 1 e 2 do artigo 25, seguirase o procedemento especial de urxencia establecido na Lei de expropiación forzosa, cando así se faga constar na resolución do órgano competente da Administración xeral do Estado que aprobe o oportuno proxecto técnico.

**Artigo 28. Normativa aplicable á ocupación do dominio público e da propiedade privada.**

1. Na autorización de ocupación do dominio público será de aplicación, ademais do previsto nesta lei, a normativa específica relativa á xestión do dominio público concreto de que se trate e a regulación dictada polo seu titular en aspectos relativos á súa protección e xestión.

2. Así mesmo, será de aplicación na ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas a normativa específica dictada polas administracións públicas con competencias en ambiente, saúde pública, seguridade pública, defensa nacional, ordenación urbana ou territorial e tributación por ocupación do dominio público, nos termos que se establecen no artigo seguinte.

**Artigo 29. Límites da normativa a que se refire o artigo anterior.**

1. A normativa a que se refire o artigo anterior deberá, en todo caso, recoñecer-lo dereito de ocupación do dominio público ou da propiedade privada para o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas de conformidade co disposto neste título. En cumprimento da normativa da Unión Europea, poderanse impor condicións ó exercicio deste dereito de ocupación polos operadores, que estarán xustificadas por razóns de protección do ambiente, a saúde pública, a seguridade pública, a defensa nacional ou a ordenación urbana e territorial. A entidade da limitación que entrañen para o exercicio dese dereito deberá resultar proporcionada en relación co concreto interese público que se trata de salvagardar.

Estas condicións ou límites non poderán implicar restriccións absolutas ó dereito de ocupación do dominio público e privado dos operadores. Neste sentido, cando unha condición puidese implica-la imposibilidade, por falta de alternativas, de levar a cabo a ocupación do dominio público ou da propiedade privada, o establecemento

de tal condición deberá ir acompañado das medidas necesarias, entre elas o uso compartido de infraestructuras, para garanti-lo dereito de ocupación dos operadores e o seu exercicio en igualdade de condicións.

2. As normas que dicten as correspondentes administracións, de conformidade co disposto no artigo anterior, deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Ser publicadas nun diario oficial do ámbito correspondente á Administración competente. Da dita publicación e dun resumo desta, axustado ó modelo que se estableza mediante orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, así como do texto das ordenanzas fiscais municipais que impoñan as taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais recollidas no artigo 24.1.c) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e do de cantas disposicións de natureza tributaria afecten a utilización de bens de dominio público doutra titularidade deberanse dar traslado á Comisión do Mercado das Telecomunicacións co fin de que esta publique unha sinopse na internet.

b) Incluír un procedemento rápido e non discriminatorio de resolución das solicitudes de ocupación.

c) Garanti-la transparencia dos procedementos e que as normas aplicables fomenten unha competencia leal e efectiva entre os operadores.

d) Garanti-lo respecto dos límites impostos á intervención administrativa nesta lei en protección dos dereitos dos operadores. En particular, as solicitudes de información que se realicen ós operadores deberán ser motivadas, ter unha xustificación obxectiva, ser proporcionadas ó fin perseguido e limitarse ó estrictamente necesario.

3. Se as administracións públicas reguladoras ou titulares do dominio público a que se refire este artigo teñen a propiedade ou exercen o control directo ou indirecto de operadores que explotan redes de comunicacións electrónicas, deberán manter unha separación estrutural entre os ditos operadores e os órganos encargados da regulación e xestión destes dereitos.

**Artigo 30. Localización compartida e uso compartido da propiedade pública ou privada.**

1. As administracións públicas fomentarán a celebración de acordos voluntarios entre operadores para a localización compartida e o uso compartido de infraestructuras situadas en bens de titularidade pública ou privada.

2. Cando os operadores teñan dereito á ocupación da propiedade pública ou privada e non poidan exercer por separado os ditos dereitos, por non existiren alternativas por motivos xustificadas en razóns de ambiente, saúde pública, seguridade pública ou ordenación urbana e territorial, a Administración competente nas ditas materias, logo de trámite de información pública, acordará a utilización compartida do dominio público ou a propiedade privada en que se van establecer as redes públicas de comunicacións electrónicas ou o uso compartido das infraestructuras en que se vaian apoiar tales redes, segundo resulte necesario.

3. O uso compartido articularase mediante acordos entre os operadores interesados. Na falta de acordo, as condicións do uso compartido estableceranse, logo de informe preceptivo da citada Administración competente, mediante resolución da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A dita resolución deberá incorporar, se é o caso, os contidos do informe emitido pola Administración competente interesada que esta cualifique como esenciais para a salvagarda dos intereses públicos a tutela dos cales teña encomendados.

4. Cando en aplicación do disposto neste artigo se impoña o uso compartido de instalacións radioelétricas emisoras pertencentes a redes públicas de comunicacións electrónicas e disto derive a obriga de reduci-los niveis de potencia de emisión, deberanse autorizar máis localizacións se son necesarias para garanti-la cobertura da zona de servizo.

**Artigo 31. Información pública e acreditación dos dereitos de ocupación.**

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións publicará na internet un resumo das normas que cada Administración lle comunicase en cumprimento do establecido no artigo 29.2.

2. Os operadores poderanse dirixir á Comisión do Mercado das Telecomunicacións para que esta lles emita no prazo de seis días unha certificación rexistral acreditativa da súa inscrición no Rexistro de operadores e do seu conseguinte dereito a obter dereitos de ocupación do dominio público ou da propiedade privada.

**Artigo 32. Outras servidumes e limitacións á propiedade.**

1. A protección do dominio público radioelétrico ten como finalidades o seu aproveitamento óptimo, evita-la súa degradación e o mantemento dun adecuado nivel de calidade no funcionamento dos distintos servizos de radiocomunicacións.

Poderanse establecer as limitacións á propiedade e á intensidade de campo eléctrico e as servidumes que resulten necesarias para a protección radioelétrica de determinadas instalacións ou para asegura-lo adecuado funcionamento de estacións ou instalacións radioelétricas utilizadas para a prestación de servizos públicos, por motivos de seguridade pública ou cando así sexa necesario en virtude de acordos internacionais, nos termos da disposición adicional primeira e as normas de desenvolvemento desta lei.

2. Así mesmo, poderanse impor límites ós dereitos de uso do dominio público radioelétrico para a protección doutros bens xuridicamente protexidos prevalentes ou de servizos públicos que se poidan ver afectados pola utilización dese dominio público, nos termos que mediante real decreto se determinen, que se deberán rexer, en calquera caso, polos principios de contradición, transparencia e publicidade.

### CAPÍTULO III

**Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais e dereitos e obrigas de carácter público vinculados coas redes e servizos de comunicacións electrónicas**

**Artigo 33. Segredo das comunicacións.**

Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público deberán garanti-lo segredo das comunicacións de conformidade cos artigos 18.3 e 55.2 da Constitución, debendo adoptar as medidas técnicas necesarias.

Así mesmo, os operadores deberán adoptar á súa custa as medidas que se establezan regulamentariamente para a execución das interceptacións dispostas conforme o establecido no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal e na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia.

**Artigo 34. Protección dos datos de carácter persoal.**

Sen prexuízo do previsto no número 6 do artigo 4 e no segundo parágrafo do artigo anterior, así como na restante normativa específica aplicable, os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público deberán garantir, no exercicio da súa actividade, a protección dos datos de carácter persoal conforme a lexislación vixente.

Os operadores ós que se refire o parágrafo anterior deberán adoptar as medidas técnicas e de xestión adecuadas para preservar a seguridade na explotación da súa rede ou na prestación dos seus servizos, co fin de garanti-los niveis de protección dos datos de carácter persoal que sexan esixidos pola normativa de desenvolvemento desta lei nesta materia. En caso de que exista un risco particular de violación da seguridade da rede pública de comunicacións electrónicas, o operador que explote esa rede ou preste o servizo de comunicacións electrónicas informará os abonados sobre o risco e sobre as medidas que se deban adoptar.

**Artigo 35. Interceptación das comunicacións electrónicas polos servizos técnicos.**

1. Con pleno respecto ó dereito ó segredo das comunicacións e á esixencia, conforme o establecido na Lei de axuízamento criminal, de autorización xudicial para a interceptación de contidos, cando para a realización das tarefas de control para a eficaz utilización do dominio público radioelétrico sexa necesaria a utilización de equipamentos, infraestructuras e instalacións técnicas de interceptación de sinais non dirixidos ó público en xeral, será de aplicación o seguinte:

a) A Administración das telecomunicacións deberá deseñar e establecer os seus sistemas técnicos de interceptación de sinais en forma tal que se reduza ó mínimo o risco de afecta-los contidos das comunicacións.

b) Cando, como consecuencia das interceptacións técnicas efectuadas, quede constancia dos contidos, os soportes en que estes aparezan non poderán ser nin almacenados nin divulgados e serán inmediatamente destruídos.

2. As mesmas regras se aplicarán para a vixilancia do adecuado emprego das redes e a correcta prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

3. O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades que á Administración lle atribúe o artigo 43.2.

**Artigo 36. Cifraxa nas redes e servizos de comunicacións electrónicas.**

1. Calquera tipo de información que se transmita por redes de comunicacións electrónicas poderá ser protexida mediante procedementos de cifraxa.

2. A cifraxa é un instrumento de seguridade da información. Entre as súas condicións de uso, cando se utilice para protexe-la confidencialidade da información, poderase impo-la obriga de lle facilitar a un órgano da Administración xeral do Estado ou a un organismo público os algoritmos ou calquera procedemento de cifraxa utilizado, así como a obriga de facilitar sen custo ningún os aparellos de cifraxa para efectos do seu control de acordo coa normativa vixente.

**Artigo 37. Redes de comunicacións electrónicas no interior dos edificios.**

1. Mediante real decreto desenvolverase a normativa legal en materia de infraestructuras comúns de

s  
comunicacións electrónicas. Este regulamento determinará tanto o punto de interconexión da rede interior coas redes públicas como as condicións aplicables á propia rede interior. Así mesmo, regulará as garantías aplicables ó acceso ós servizos de comunicacións electrónicas a través de sistemas individuais en defecto de infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas e o réxime de instalación das redes de comunicacións electrónicas nos edificios xa existentes ou futuros, en todos aqueles aspectos non previstos nas disposicións con rango legal reguladoras da materia.

2. A normativa técnica básica de edificación que regule a infraestrutura de obra civil no interior dos edificios deberá tomar en consideración as necesidades de soporte dos sistemas e redes de comunicacións electrónicas fixadas de conformidade coa normativa a que se refire o número anterior, prevendo que a infraestrutura de obra civil dispoña de capacidade suficiente para permiti-lo paso das redes dos distintos operadores, de forma que se facilite a posibilidade de uso compartido destas infraestruturas por aqueles.

#### Artigo 38. Dereitos dos consumidores e usuarios finais.

1. Os operadores que exploten redes ou que presten servizos de comunicacións electrónicas e os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais poderán somete-las controversias que os enfronten ó coñecemento das xuntas arbitrais de consumo, de acordo coa lexislación vixente sobre defensa dos consumidores e usuarios.

Para o suposto de non se someteren ás xuntas arbitrais de consumo ou de que estas non resulten competentes para a resolución do conflito, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía establecerá regulamentariamente un procedemento conforme o cal os usuarios finais lle poderán somete-las ditas controversias. En calquera caso, os procedementos que se adopten deberán ser rápidos e gratuítos e establecerán o prazo máximo en que se deberá notificar a resolución expresa, transcorrido o cal se poderá entender desestimada a reclamación por silencio administrativo. A resolución que se dicte poderá impugnarse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

2. As normas básicas de utilización dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público en xeral que determinarán os dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais aprobaranse por real decreto que, entre outros extremos, regulará:

- a) A responsabilidade polos danos que se lles produzan.
- b) Os dereitos de información dos consumidores que sexan persoas físicas e usuarios finais, que deberá ser veraz, eficaz, suficiente, transparente e actualizada.
- c) Os prazos para a modificación das ofertas.
- d) Os dereitos de desconexión de determinados servizos, logo de solicitude do usuario.
- e) O dereito a obter unha compensación pola interrupción do servizo.
- f) O dereito a celebrar contratos por parte dos consumidores que sexan persoas físicas e usuarios finais cos operadores que faciliten a conexión ou o acceso á rede de telefonía pública, así como o contido mínimo dos contratos.
- g) Os supostos en que serán esixibles e o contido mínimo dos contratos celebrados entre consumidores que sexan persoas físicas ou outros usuarios finais e prestadores de servizos de comunicacións electrónicas que non sexan os que facilitan conexión ou acceso á rede telefónica pública.

h) O dereito a resolver anticipadamente e sen penalización o contrato, nos supostos de propostas de modificación das condicións contractuais por motivos válidos especificados naquel e sen prexuízo doutras causas de resolución unilateral.

i) Os supostos de aprobación por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de contratos tipo entre consumidores que sexan persoas físicas ou outros tipos de usuarios finais e operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas con obrigas de servizo público ou con poder significativo nos mercados de referencia específicos correspondentes.

j) O dereito a recibir información comparable, pertinente e actualizada sobre a calidade dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público.

k) O dereito a elixir un medio de pagamento para o aboamento dos correspondentes servizos entre os comunmente utilizados no tráfico comercial.

No citado regulamento poderase ampliar a aplicación do réxime de protección de consumidores e usuarios finais a outras categorías de usuarios.

3. En particular, os abonados ós servizos de comunicacións electrónicas terán os seguintes dereitos:

a) A que se fagan anónimos ou se cancelen os seus datos de tráfico cando xa non sexan necesarios para os efectos da transmisión dunha comunicación. Os datos de tráfico necesarios para efectos da facturación dos abonados e os pagamentos das interconexións poderán ser tratados unicamente ata que expirase o prazo para a impugnación da factura do servizo ou para que o operador poida esixi-lo seu pagamento.

b) A que os seus datos de tráfico sexan utilizados con fins comerciais ou para a prestación de servizos de valor engadido unicamente cando presten o seu consentimento informado para isto.

c) A recibir facturas non desagregadas cando así o soliciten.

d) A que só se proceda ó tratamento dos seus datos de localización distintos ós datos de tráfico cando se fixen anónimos ou logo do seu consentimento informado e unicamente na medida e polo tempo necesarios para a prestación, se é o caso, de servizos de valor engadido, con coñecemento inequívoco dos datos que vaian ser sometidos a tratamento, a finalidade e duración deste e o servizo de valor engadido que vaia ser prestado.

e) A dete-lo desvío automático de chamadas efectuado á súa terminal por parte dun terceiro.

f) A impedir, mediante un procedemento sinxelo e gratuíto, a presentación da identificación da súa liña nas chamadas que xere ou a presentación da identificación da súa liña ó usuario que lle realice unha chamada.

g) A impedir, mediante un procedemento sinxelo e gratuíto, a presentación da identificación da liña de orixe nas chamadas entrantes e a rexeita-las chamadas entrantes en que a dita liña non apareza identificada.

h) A non recibir chamadas automáticas sen intervención humana ou mensaxes de fax, con fins de venda directa, sen ter prestado o seu consentimento previo e informado para isto.

4. Os usuarios dos servizos de comunicacións electrónicas que non teñan a condición de abonados terán, así mesmo, os dereitos recoñecidos nas alíneas a), b), d) e no primeiro inciso da alínea f) do número anterior.

5. Os usuarios finais non poderán exercer os dereitos recoñecidos nas alíneas d) e f) do número 3 cando se trate de chamadas efectuadas a entidades que presten servizos de chamadas de urxencia que se determinen regulamentariamente, en especial a través do número 112.

Do mesmo modo, e por un período de tempo limitado, os usuarios finais non poderán exercer o dereito recoñecido na alínea f) do número 3 cando o abonado á liña de destino solicítase a identificación das chamadas maliciosas ou molestas realizadas á súa liña.

O disposto na alínea a) do número 3 enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

6. A elaboración e comercialización das guías de abonados ós servizos de comunicacións electrónicas e a prestación dos servizos de información sobre eles realízase en réxime de libre competencia, garantíndose-lles, en todo caso, ós abonados o dereito á protección dos seus datos persoais, incluíndo o de non figurar nesas guías. Para tal efecto, as empresas que lles asignen números de teléfono ós abonados deberán dar curso a tódalas solicitudes razoables de subministración de información pertinente para a prestación dos servizos de información sobre números de abonados e guías accesibles ó público, nun formato aprobado e nunhas condicións equitativas, obxectivas, orientadas en función dos custos e non discriminatorias, estando sometida a subministración da citada información e a súa posterior utilización á normativa en materia de protección de datos vixente en cada momento.

7. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá introducir cláusulas de modificación dos contratos celebrados entre os operadores e os consumidores que sexan persoas físicas e usuarios finais, para evita-lo trato abusivo a estes.

8. O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo da aplicación da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

#### TÍTULO IV

##### **Avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos**

###### *Artigo 39. Normalización técnica.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía velará por que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas publiquen as especificacións técnicas precisas e adecuadas das interfaces de rede ofrecidas en España, con anterioridade á posibilidade de acceso público ós servizos prestados a través desas interfaces e por que publiquen as especificacións técnicas actualizadas cando se produza algunha modificación naquelas.

Estas especificacións serán o suficientemente detalladas como para permitiren o deseño de equipamentos terminais de telecomunicacións capaces de utilizar tódolos servizos prestados a través da interface correspondente, e incluírán unha descrición completa das probas necesarias para que os fabricantes dos equipamentos que se conectan ás interfaces poidan garanti-la súa compatibilidade con elas.

2. Regulamentariamente determinaranse as formas de elaboración, se é o caso, das especificacións técnicas aplicables ós equipamentos e aparellos de telecomunicacións, para efectos de garanti-lo cumprimento dos requisitos esenciais nos procedementos de avaliación de conformidade e fixaranse os equipamentos e aparellos exceptuados da aplicación da dita avaliación.

Nos supostos en que a normativa o preveña, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá aprobar especificacións técnicas distintas das anteriores para aparellos de telecomunicación, logo do informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

###### *Artigo 40. Avaliación da conformidade.*

1. Os aparellos de telecomunicación, entendendo por tales calquera dispositivo non excluído expresamente do regulamento que desenvolva este título que sexa equipamento radioeléctrico ou equipamento terminal de telecomunicación, ou as dúas cousas á vez, deberán avaliar a súa conformidade cos requisitos esenciais recollidos nas disposicións que o determinen, ser conformes con tódalas disposicións que se establezan e incorpora-la marcaxe correspondente como consecuencia da avaliación realizada. Poderase exceptuar da aplicación do disposto neste título o uso de determinados equipamentos de radioaficionados construídos polo propio usuario e non dispoñibles para venda no mercado, conforme o disposto na súa regulación específica.

2. Para a importación desde terceiros países non pertencentes á Unión Europea, a posta no mercado, a posta en servizo e a utilización dun aparello de telecomunicacións dos indicados no número anterior será requisito imprescindible que o fabricante establecido na Unión Europea ou o seu representante establecido nela, caso de que o fabricante non o estivese, ou o importador, ou a persoa responsable da posta no mercado do aparello ou o usuario deste, verificase previamente a conformidade dos aparellos cos requisitos esenciais que lles sexan aplicables mediante os procedementos que se determinen no regulamento que se estableza para o efecto.

3. O cumprimento de tódolos requisitos que se establezan no regulamento indicado inclúe a habilitación para a conexión dos aparellos destinados a conectarse ós puntos de terminación dunha rede pública de comunicacións electrónicas. O dito cumprimento non supón autorización de uso para os equipamentos radioeléctricos suxeitos á obtención de autorización ou concesión de dominio público radioeléctrico nos termos establecidos nesta lei.

4. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá promover procedementos complementarios de certificación voluntaria para os aparellos de telecomunicación que incluírán, polo menos, a avaliación da conformidade indicada nos capítulos anteriores.

5. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía realizará os controis adecuados para asegurar que os equipamentos postos no mercado avaliaron a súa conformidade de acordo co disposto neste título. Os custos ocasionados con ocasión da realización dos ditos controis correrán a cargo da persoa física ou xurídica responsable dos equipamentos postos no mercado obxecto de control.

Mediante real decreto establecerase o procedemento aplicable á retirada do mercado de produtos que incumpran o disposto neste título.

###### *Artigo 41. Recoñecemento mutuo.*

1. Os aparellos de telecomunicación que avaliasen a súa conformidade cos requisitos esenciais noutro Estado membro da Unión Europea ou en virtude dos acordos de recoñecemento mutuo celebrados por ela con terceiros países, e que cumpran coas demais disposicións aplicables na materia, terán a mesma consideración, no que se refire ó disposto neste título IV, que os aparellos dos que se verificou a conformidade en España e que cumpran, así mesmo, as demais disposicións legais na materia.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía establecerá os procedementos para o recoñecemento da conformidade dos aparellos de telecomunicación afectos ós acordos de recoñecemento mutuo que estableza a Unión Europea con terceiros países.

3. Os aparellos de telecomunicación que utilicen o espectro radioeléctrico con parámetros de radio non har-

s  
monizados na Unión Europea non poderán ser postos no mercado mentres non fosen autorizados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ademais de ter avaliado a conformidade coas normas aplicables a aqueles e seren conformes co resto de disposicións que lles sexan aplicables.

Artigo 42. *Condicións que deben cumprir-las instalacións e mailos instaladores.*

A instalación dos aparellos de telecomunicación deberá ser realizada seguindo as instrucións proporcionadas polo seu fabricante e mantendo, en calquera caso, inalteradas as condicións baixo as cales se verificou a súa conformidade cos requisitos esenciais, nos termos establecidos nos artigos anteriores deste título.

Regulamentariamente o Goberno establecerá, logo de audiencia dos colexios profesionais afectados e das asociacións representativas das empresas de construción e instalación, as condicións aplicables ós operadores e instaladores de equipamentos, aparellos e sistemas de telecomunicacións, a fin de que, acreditando a súa competencia profesional, se garanta a súa posta en servizo.

## TÍTULO V

### Dominio público radioeléctrico

Artigo 43. *Xestión do dominio público radioeléctrico.*

1. O espectro radioeléctrico é un ben de dominio público; a súa titularidade, xestión, planificación, administración e control correspóndenlle ó Estado. A dita xestión exercerase de conformidade co disposto neste título e nos tratados e acordos internacionais en que España sexa parte, atendendo á normativa aplicable na Unión Europea e ás resolucións e recomendacións da Unión Internacional de Telecomunicacións e doutros organismos internacionais.

2. A administración, xestión, planificación e control do espectro radioeléctrico inclúen, entre outras funcións, a elaboración e aprobación dos plans xerais de utilización, o establecemento das condicións para o outorgamento do dereito ó seu uso, a atribución dese dereito e a comprobación técnica das emisións radioeléctricas. Así mesmo, intégrase dentro da administración, xestión, planificación e control do referido espectro a inspección, detección, localización, identificación e eliminación das interferencias prexudiciais, irregularidades e perturbacións nos sistemas de telecomunicacións, iniciándose, se é o caso, o oportuno procedemento sancionador.

3. A utilización do dominio público radioeléctrico mediante redes de satélites inclúese dentro da xestión, administración e control do espectro de frecuencias.

Así mesmo, a utilización do dominio público radioeléctrico necesaria para a utilización dos recursos órbita-espectro no ámbito da soberanía española e mediante satélites de comunicacións queda reservada ó Estado. A súa explotación estará sometida ó dereito internacional e realizarase, na forma que regulamentariamente se determine, mediante a súa xestión directa polo Estado ou mediante concesión. En todo caso, a xestión poderase tamén levar a cabo mediante concertos con organismos internacionais.

4. A xestión do dominio público radioeléctrico ten por obxectivo o establecemento dun marco xurídico que asegure unhas condicións harmonizadas para o seu uso e que permita a súa dispoñibilidade e uso eficiente. Para tales efectos:

a) Os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgáranse por prazos que se fixarán

regulamentariamente, renovables en función das dispoñibilidades e previsións da planificación do dito dominio público. Os dereitos de uso privativo sen limitación de número outorgáranse por un período que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpran o seu quinto ano de vixencia, prorrogable por períodos de cinco anos. Pola súa parte, os dereitos de uso privativo con limitación de número terán a duración prevista nos correspondentes procedementos de licitación que en todo caso será dun máximo de vinte anos renovables.

b) Nas concesións o solicitante deberá acreditar a súa condición de operador e, nos termos que se fixen regulamentariamente, o uso efectivo do dominio público reservado unha vez outorgado o dereito de uso.

Artigo 44. *Facultades do Goberno para a xestión do dominio público radioeléctrico.*

1. O Goberno desenvolverá regulamentariamente as condicións de xestión do dominio público radioeléctrico, a elaboración dos plans para a súa utilización e os procedementos de outorgamento dos dereitos de uso do dominio. No dito regulamento regularase, como mínimo, o seguinte:

a) O procedemento de determinación, control e inspección dos niveis de emisión radioeléctrica tolerable e que non supoñan un perigo para a saúde pública, en concordancia co disposto polas recomendacións da Comisión Europea. Tales límites deberán ser respectados, en todo caso, polo resto de administracións públicas, tanto autonómicas como locais.

b) O procedemento para a elaboración dos plans de utilización do espectro radioeléctrico, que inclúen o cadro nacional de atribución de frecuencias, os plans técnicos nacionais de radiodifusión e televisión, a aprobación dos cales lle corresponderá ó Goberno, e as necesidades de espectro radioeléctrico para a defensa nacional. Os datos relativos a esta última materia terán o carácter de reservados.

c) Os procedementos de outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico. Os procedementos de outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico terán en conta, entre outras circunstancias, a tecnoloxía utilizada, o interese dos servizos, as bandas e o seu grao de aproveitamento. Tamén terán en consideración a valoración económica, para o interesado, do uso do dominio público, que este é un recurso escaso e, se é o caso, as ofertas presentadas polos licitadores.

d) A habilitación para o exercicio dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico revestirá a forma de afectación, concesión ou autorización administrativa. O prazo para o outorgamento das autorizacións e concesións de dominio público radioeléctrico será de seis semanas desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente, sen prexuízo do disposto no número seguinte. O prazo non será de aplicación cando sexa necesaria a coordinación internacional de frecuencias ou afecte reservas de posicións orbitais.

e) A adecuada utilización do espectro radioeléctrico mediante o emprego de equipamentos e aparellos.

2. Cando sexa preciso para garanti-lo uso eficaz do espectro radioeléctrico, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá, logo de audiencia ás partes interesadas, incluídas as asociacións de consumidores e usuarios, limita-lo número de concesións demaniais que se outorguen sobre o dito dominio para a explotación de redes públicas e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Esta limitación será revisable polo propio ministerio, de oficio ou por instancia de parte, na medida en que desaparezan as causas que a motivaron.

Cando, de conformidade co previsto no parágrafo anterior, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía limite o número de concesións demaniais, tramitarase un procedemento de licitación para o seu outorgamento que respectará en todo caso os principios de publicidade, concorrencia e non-discriminación para tódalas partes interesadas. Para isto aprobarase, mediante orde do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, o prego de bases e a convocatoria de licitación correspondente á concesión do segmento de dominio público radioeléctrico que se suxeita a limitación. Neste caso o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía deberá resolver sobre o outorgamento da concesión demanial nun prazo máximo de oito meses desde a convocatoria da licitación.

Tendo en conta os principios establecidos na lexislación patrimonial e de contratos das administracións públicas, estableceranse regulamentariamente as normas aplicables respecto da concesión demanial no relativo á convocatoria da licitación, ó prego de bases que se deba aprobar e á adxudicación da concesión.

**Artigo 45. Títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.**

1. O dereito de uso do dominio público radioeléctrico será outorgado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, a través da afectación demanial ou da concesión ou autorización administrativa, salvo nos supostos previstos no número 2 do artigo anterior. O uso común do dominio público radioeléctrico será libre.

2. O outorgamento do dereito ó uso do dominio público radioeléctrico revestirá a forma de autorización administrativa nos seguintes supostos:

a) Se se trata dunha reserva do dereito de uso especial non privativo do dominio público. Terán a consideración de uso especial do dominio público o do espectro radioeléctrico por radioaficionados e outros sen contido económico, como os de banda cidadá, establecéndose mediante regulamento o prazo da súa duración e as condicións asociadas esixibles.

b) Se se outorga o dereito de uso privativo para autoprestación polo solicitante, salvo no caso de administracións públicas, que requirirán de afectación demanial. Non se outorgarán dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico para o seu uso en autoprestación nos supostos en que a demanda supere a oferta e se aplique o procedemento previsto no número 2 do artigo anterior.

Nos restantes supostos, o dereito ó uso privativo do dominio público radioeléctrico requirirá concesión administrativa. Para o outorgamento da dita concesión demanial, será requisito previo que os solicitantes acrediten a súa condición de operador. As resolucións mediante as cales se outorguen as concesións de dominio público radioeléctrico dictaranse e publicaranse na forma e nos prazos que se establezan mediante real decreto.

Reglamentariamente, o Goberno poderá fixar condicións para que a Administración de telecomunicacións autorice a transmisión de determinados dereitos de uso do dominio público radioeléctrico. Estas transmisións en ningún caso eximirán o titular do dereito de uso cedente das obrigas asumidas fronte á Administración, e deberán en todo caso respecta-las condicións técnicas de uso establecidas no cadro nacional de atribución de frecuencias ou nos plans técnicos ou as que, se é o caso, estean fixadas nas medidas técnicas de aplicación da Unión Europea. Así mesmo, nese regulamento poderanse fixa-los supostos en que sexan transferibles as autorizacións de uso do dominio público radioeléctrico nos casos en que se produza unha subrogación nos dereitos e obrigas do operador.

3. Regulamentariamente, o Goberno establecerá as condicións non discriminatorias, proporcionadas e transparentes asociadas ós títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico, entre as que se incluírán as necesarias para garanti-lo uso efectivo e eficiente das frecuencias e os compromisos contraídos polos operadores nos procesos de licitación previstos no número 2 do artigo anterior, que se poidan impor en cada caso asociadas ó uso da frecuencia, así como as condicións de outorgamento de títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico para fins experimentais ou eventos de curta duración.

4. Con carácter previo á utilización do dominio público radioeléctrico, esixirase, preceptivamente, a inspección ou o recoñecemento das instalacións, co fin de comprobar que se axustan ás condicións previamente autorizadas. En función da natureza do servizo, da banda de frecuencias empregada, da importancia técnica das instalacións que se utilicen ou por razóns de eficacia na xestión do espectro poderase substituí-la inspección previa por unha certificación expedida por técnico competente.

5. Conforme os principios de obxectividade e de proporcionalidade, atendendo principalmente ás necesidades da planificación e do uso eficiente e a dispoñibilidade do espectro radioeléctrico nos termos establecidos regulamentariamente, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá modifica-los títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico logo de audiencia dos interesados, do Consello de Consumidores e Usuarios e, se é o caso, das asociacións máis representativas dos restantes usuarios, e informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A modificación realízase mediante orde ministerial, que establecerá un prazo para os titulares se adaptaren a aquela.

## TÍTULO VI

### A administración das telecomunicacións

**Artigo 46. Competencias da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.**

1. Terán a consideración de autoridade nacional de regulamentación de telecomunicacións:

- a) O Goberno.
- b) Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que, de conformidade coa estrutura orgánica do departamento, asuman as competencias desta lei.
- c) Os órganos superiores e directivos do Ministerio de Economía en materia de regulación de prezos.
- d) A Comisión do Mercado das Telecomunicacións.
- e) A Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Reglamentariamente, o Goberno desenvolverá as competencias que esta lei lles encomenda ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ó Ministerio de Economía, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións e á Axencia Estatal de Radiocomunicacións, así como as funcións, as responsabilidades e os recursos materiais, de persoal e financeiros que para o cumprimento dos fins se lles atribúan. Entre os recursos financeiros, poderase incluí-la afectación das taxas nos termos que se regulan no título seguinte desta lei.

2. O ministro de Ciencia e Tecnoloxía, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos por esta lei, proporalle ó Goberno a política que se seguirá para facilita-lo desenvolvemento e a evolución das obrigas de servizo público ás que se fai referencia no título III e desenvolveraa asumindo a competencia de control e seguimento das obrigas de servizo público que lles

s correspondan ós distintos operadores na explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, sen prexuízo das competencias que esta lei lle outorga á Comisión do Mercado das Telecomunicacións en relación co servizo universal.

Tamén corresponden ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, nos termos desta lei, as competencias non atribuídas á Comisión do Mercado das Telecomunicacións de acordo co disposto no título II desta lei, así como as competencias en materia da avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos e de xestión do dominio público radioeléctrico, sen prexuízo das expresamente atribuídas á Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

#### Artigo 47. *A Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

1. Créase, coa denominación de Axencia Estatal de Radiocomunicacións, un organismo público con carácter de organismo autónomo, de acordo co previsto no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídico-pública diferenciada e plena capacidade de obrar, que se rexerá por esta lei e as demais normas de aplicación.

2. Esta Axencia adscribíbase, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ó que corresponde a súa dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade.

3. A Axencia, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlle as potestades administrativas para o cumprimento dos seus fins, nos termos que preveña o seu Estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

4. No exercicio das súas funcións públicas, a Axencia actuará de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A Axencia terá por obxecto a execución da xestión do dominio público radioeléctrico no marco das directrices fixadas polo Goberno, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, así como na normativa correspondente.

6. Para o cumprimento do obxecto fixado no número anterior, a Axencia desenvolverá as seguintes funcións nos termos que regulamentariamente se determinen:

a) A proposta de planificación, a xestión e a administración do dominio público radioeléctrico, así como a tramitación e o outorgamento dos títulos habilitantes para a súa utilización, salvo cando se limite o seu número de acordo co previsto no número 2 do artigo 44.

b) O exercicio das funcións atribuídas á Administración xeral do Estado en materia de autorización e inspección de instalacións radioeléctricas en relación cos niveis de emisión radioeléctrica permitidos a que se refire o artigo 44 desta lei, no ámbito da competencia exclusiva que corresponde ó Estado sobre as telecomunicacións, de acordo co artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

c) A xestión dun rexistro público de radiofrecuencias, accesible a través da internet, no que constarán os titulares de concesións administrativas para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.

d) A elaboración de proxectos e desenvolvemento dos plans técnicos nacionais de radiodifusión e televisión.

e) A comprobación técnica de emisións radioeléctricas para a identificación, localización e eliminación de interferencias prexudiciais, infraccións, irregularidades e perturbacións dos sistemas de radiocomunicación.

f) O control e a inspección das telecomunicacións, así como a proposta de incoación de expedientes san-

cionadores na materia, sen prexuízo das competencias establecidas neste ámbito por esta lei. En materias de competencia do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou da Comisión do Mercado de Telecomunicacións, e por solicitude dela, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións realizará as funcións de inspección que lle sexan requiridas.

g) A xestión da asignación dos recursos órbita-espectro para comunicacións por satélite.

h) A xestión en período voluntario da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico establecida no número 3 do anexo I desta lei, e a xestión e recadación en período voluntario das taxas de telecomunicacións establecidas no número 4 do citado anexo I, que se recaden pola prestación de servizos que teña encomendada a Axencia de acordo co previsto nesta lei, sen prexuízo dos convenios que puidese establecer a Axencia Estatal de Radiocomunicacións con outras entidades e da facultade executiva de recadación que corresponda a outros órganos do Estado en materia de ingresos públicos.

i) A elaboración de estudos e informes e, en xeral, o asesoramento da Administración xeral do Estado en todo o relativo á xestión do dominio público radioeléctrico.

j) A colaboración coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información na participación nos organismos internacionais relacionados coa planificación do espectro radioeléctrico.

k) A elaboración e elevación ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía dun informe anual sobre a súa actuación.

7. O réxime de persoal da Axencia axustarase ó disposto no artigo 47.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Nos termos en que se estableza no seu estatuto, a Axencia poderá igualmente contratar persoal laboral para a provisión de postos de especial contido técnico. A tramitación das correspondentes convocatorias de selección e provisión de postos de traballo será realizada pola Axencia, nos mesmos termos establecidos para a Administración xeral do Estado.

8. Os recursos económicos da Axencia poderán provir de calquera dos enumerados no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Entre os recursos económicos da Axencia incluírase, ademais, o remanente que, de conformidade co previsto no número 5 do anexo I desta lei, lle ingrese a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, así como o recadado en concepto da taxa do número 4 do anexo I pola prestación de servizos que teña encomendada a Axencia de acordo co previsto nesta lei.

9. O réxime de contratación, de adquisición e de alleamento da Axencia réxese polas normas xerais de contratación das administracións públicas.

10. O réxime patrimonial da Axencia Estatal de Radiocomunicacións axustarase ás previsións do artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

11. A Axencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda, e remitirao ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para a súa elevación ó Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, como parte dos orzamentos xerais do Estado. O réxime orzamentario, o económico-financieiro, o de contabilidade, o de intervención e o de control financeiro da Axencia Estatal de Radiocomunicacións será o establecido na Lei xeral orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 50 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.



12. Correspóndelle ó Goberno aproba-lo estatuto da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, mediante real decreto, por iniciativa do ministro de Ciencia e Tecnoloxía e por proposta conxunta dos ministros de Facenda e de Administracións Públicas.

13. A constitución efectiva da Axencia terá lugar no momento e cos prazos que sinale o real decreto de aprobación do seu estatuto. Este real decreto deberase someter á aprobación do Consello de Ministros nun prazo non superior a un ano desde a entrada en vigor desta disposición. No citado real decreto determinaranse os órganos, centros e servizos que quedarán integrados na Axencia coas modificacións que sexan precisas.

**Artigo 48. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións.**

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións é un organismo público dos previstos polo número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, dotado de personalidade xurídica e plena capacidade pública e privada. Está adscrita ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, que exercerá as funcións de coordinación entre a Comisión e o Ministerio. Rexerase polo disposto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que esta lei lle atribúe e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto polo número 1 da súa disposición adicional décima. O persoal que preste servizo na Comisión quedará vinculado a ela por unha relación de carácter laboral.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá por obxecto o establecemento e a supervisión das obrigas específicas que deban cumprilo operadores nos mercados de telecomunicacións e o fomento da competencia nos mercados dos servizos audiovisuais, conforme o previsto pola súa normativa reguladora, a resolución dos conflitos entre os operadores e, se é o caso, o exercicio como órgano arbitral das controversias entre eles.

3. Nas materias de telecomunicacións reguladas nesta lei a Comisión do Mercado das Telecomunicacións exercerá as seguintes funcións:

a) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre os operadores do sector das comunicacións electrónicas, así como naqueles outros casos que se poidan establecer por vía regulamentaria, cando os interesados o acorden.

O exercicio desta función arbitral non terá carácter público. O procedemento arbitral establecerase mediante real decreto e axustarase ós principios esenciais de audiencia, liberdade de proba, contradicción e igualdade, e será indispoñible para as partes.

b) Asigna-la numeración ós operadores, para o que dictará as resolucións oportunas, en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias, de acordo co que regulamentariamente se determine. A Comisión velará pola correcta utilización dos recursos públicos de numeración asignados. Así mesmo, autorizará a transmisión dos ditos recursos, establecendo, mediante resolución, as condicións daquela.

c) Exerce-las funcións que en relación co servizo universal e o seu financiamento lle encomenda o título III desta lei.

d) A resolución vinculante dos conflitos que se susciten entre os operadores en materia de acceso e inter-

conexión de redes, nos termos que se establecen no título II desta lei, así como en materias relacionadas coas guías telefónicas, o financiamento do servizo universal e o uso compartido de infraestruturas. Así mesmo, exercerá as restantes competencias que en materia de interconexión se lle atribúen nesta lei.

e) Adopta-las medidas necesarias para salvagarda-la pluralidade de oferta do servizo, o acceso ás redes de comunicacións electrónicas polos operadores, a interconexión das redes e a explotación de rede en condicións de rede aberta, e a política de prezos e comercialización polos prestadores dos servizos. Para estes efectos, sen prexuízo das funcións encomendadas no capítulo III do título II desta lei e na súa normativa de desenvolvemento, a Comisión exercerá as seguintes funcións:

1.<sup>a</sup> Poderá dictar, sobre as materias indicadas, instrucións dirixidas ós operadores que actúen no sector de comunicacións electrónicas. Estas instrucións serán vinculantes unha vez notificadas ou, se é o caso, publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

2.<sup>a</sup> Porá en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia os actos, acordos, prácticas ou condutas de que puidese ter noticia no exercicio das súas atribucións e que presenten indicios de ser contrarios á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. A tal fin, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións comunicará ó Servizo de Defensa da Competencia tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, remitirá dictame non vinculante da cualificación que lle merecen tales feitos.

3.<sup>a</sup> Exerce-la competencia da Administración xeral do Estado para interpreta-la información que en aplicación do artigo 9 desta lei lle subministren os operadores no exercicio da protección da libre competencia no mercado das comunicacións electrónicas.

f) Emitir preceptivamente informe nos procedementos iniciados para a autorización das operacións de concentración de operadores ou de toma de control dun ou varios operadores do sector das comunicacións electrónicas, cando estas operacións deban ser sometidas ó Goberno para a súa decisión, de acordo coa lexislación vixente en materia de defensa da competencia.

g) Defini-los mercados pertinentes para establecer obrigas específicas conforme o previsto no capítulo II do título II e no artigo 13 desta lei.

h) Asesora-lo Goberno e o ministro de Ciencia e Tecnoloxía, por solicitude destes ou por propia iniciativa, nos asuntos concernentes ó mercado e á regulación das comunicacións, particularmente naquelas materias que poidan afecta-lo desenvolvemento libre e competitivo do mercado. Igualmente, poderá asesora-las comunidades autónomas e as corporacións locais, a pedimento dos órganos competentes de cada unha delas, en relación co exercicio de competencias propias das ditas administracións públicas que entren en relación coa competencia estatal en materia de telecomunicacións.

En particular, emitirá preceptivamente informe nos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado para a elaboración de disposicións normativas, en materia de comunicacións electrónicas, especificacións técnicas de equipamentos, aparellos, dispositivos e sistemas de telecomunicación; planificación e atribución de frecuencias do espectro radioelétrico, así como pregos de cláusulas administrativas xerais que, se é o caso, deban rexe-los procedementos de licitación para o outorgamento de concesións de dominio público radioelétrico.

i) Exerce-las funcións inspectoras naqueles asuntos sobre os que teña atribuída a potestade sancionadora de acordo co artigo 50.1 e solicita-la intervención da Axencia Estatal de Radiocomunicacións para a inspec-

s  
ción técnica das redes e servizos de comunicacións electrónicas naqueles supostos en que a Comisión o considere necesario para o desempeño das súas funcións.

j) O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos por esta lei.

Nos procedementos que se inicien como resultado de denuncia por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, o órgano instructor, antes de formula-la oportuna proposta de resolución, someterá o expediente a informe dese ministerio. A proposta de resolución deberá ser motivada se se separa do dito informe.

k) Denunciar, ante os servizos de inspección de telecomunicacións da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, as condutas contrarias á lexislación xeral das telecomunicacións cando non lle corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

Nos procedementos que se inicien como resultado das denuncias a que se refire o parágrafo anterior, o órgano instructor, antes de formula-la oportuna proposta de resolución, someterá o expediente a informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A proposta de resolución deberá ser motivada se se separa do dito informe.

l) O mantemento dun rexistro de operadores, no cal se inscribirán todos aqueles a actividade dos cales requira a notificación a que se refire o artigo 6 desta lei.

O rexistro conterá os datos necesarios para que a Comisión poida exercer-las funcións que teña atribuídas.

m) Calquera outra que legal ou regulamentariamente se lle atribúa ou que lle encomende o Goberno ou o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións estará rexida por un consello, ó que lle corresponderá o exercicio de tódalas funcións establecidas no número anterior.

5. Este consello estará composto por un presidente, un vicepresidente e sete conselleiros, que serán nomeados polo Goberno, mediante real decreto adoptado por proposta conxunta dos ministros de Ciencia e Tecnoloxía e Economía, entre persoas de recoñecida competencia profesional relacionada co sector das telecomunicacións e a regulación dos mercados, logo de comparecencia ante a comisión competente do Congreso dos Deputados, para informar sobre as persoas a que pretende propor.

6. O consello designará un secretario non conselleiro, que actuará con voz pero sen voto.

7. Os cargos de presidente, vicepresidente e conselleiros renovaranse cada seis anos e os inicialmente designados poderán ser reelixidos por unha soa vez.

8. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros cesarán no seu cargo por renuncia aceptada polo Goberno, expiración do termo do seu mandato ou por separación acordada polo Goberno, logo de instrucción de expediente polo ministro de Ciencia e Tecnoloxía, por incapacidade permanente para o exercicio do cargo, incumprimento grave das súas obrigas, condena por delito doloso ou incompatibilidade sobrevida.

9. Tódolos membros do Consello estarán suxeitos ó réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración.

10. O Consello da Comisión do Mercado das Telecomunicacións aprobará o regulamento de réxime interior da Comisión, en que se regulará a actuación dos órganos desta, o procedemento que se seguirá para a adopción de acordos e a organización do persoal.

O acordo de aprobación do regulamento de réxime interior deberá ser adoptado co visto favorable de dous tercios dos membros que compoñen o Consello da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

11. A Comisión elaborará anualmente un informe ó Goberno sobre o desenvolvemento do mercado das

telecomunicacións e dos servizos audiovisuais, que será elevado ás Cortes Xerais. Este informe reflectirá tódalas actuacións da Comisión, as súas observacións e suxestións sobre a evolución do mercado, o cumprimento das condicións da libre competencia, as medidas para corrixi-las deficiencias advertidas e para facilita-lo desenvolvemento das telecomunicacións.

12. No exercicio das súas funcións, e nos termos que regulamentariamente se determinen, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, unha vez iniciado o procedemento correspondente, poderá en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, adoptar-las medidas cautelares que coide oportunas para asegura-la eficacia do laudo ou da resolución que puidese recaer, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto.

13. A Comisión terá patrimonio propio, independente do patrimonio do Estado.

14. Os recursos da Comisión estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os produtos e rendas deste.

b) Os ingresos obtidos pola liquidación de taxas devengadas pola realización de actividades de prestación de servizos e os derivados do exercicio das competencias e funcións a que se refire o número 3 deste artigo. Non obstante, a recadación procedente da actividade sancionadora da Comisión do Mercado das Telecomunicacións ingresarase no Tesouro Público.

En particular, constituirán ingresos da Comisión as taxas que se regulan no número 1 do anexo I desta lei nos termos fixados naquel.

A xestión e recadación en período voluntario das taxas dos números 1 e 2 do anexo I desta lei, así como das taxas de telecomunicacións establecidas no número 4 do citado anexo I que se recaden pola prestación de servizos que teña encomendada a Comisión, de acordo co previsto nesta lei, corresponderalle á Comisión nos termos que se fixan no número 5 do dito anexo, sen prexuízo dos convenios que puidese esta establecer con outras entidades e da facultade executiva que lles corresponda a outros órganos do Estado en materia de ingresos públicos, ou da súa obriga de ingreso no Tesouro Público, se é o caso, nos supostos previstos no anexo I desta lei.

c) As transferencias que, se é o caso, efectúe o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

15. A Comisión elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que determine o Ministerio de Facenda, e remitirao ó dito departamento para a súa elevación ó Goberno. Este último, logo da súa aprobación, enviarao ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. O orzamento terá carácter estimativo e as súas variacións serán autorizadas de acordo co establecido na Lei xeral orzamentaria.

16. O control económico e financeiro da Comisión efectuarase conforme o disposto na Lei xeral orzamentaria.

17. As disposicións e resolucións que dicte a Comisión no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a xurisdicción contencioso-administrativa nos termos establecidos na lei reguladora desa xurisdicción.

Os laudos que dicte a Comisión no exercicio da súa función arbitral terán os efectos establecidos na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje; a súa revisión, anulación e execución forzosa acomodaranse ó disposto na citada lei.

## TÍTULO VII

## Taxas en materia de telecomunicacións

Artigo 49. *Principios aplicables ás taxas en materia de telecomunicacións.*

1. Os operadores e os titulares de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico ou de recursos de numeración estarán suxeitos ó pagamento das taxas establecidas no ordenamento xurídico.

2. Estas taxas terán como finalidade:

a) Cubri-los gastos administrativos que ocasione o traballo de regulación relativo á preparación e posta en práctica do dereito comunitario derivado e actos administrativos, como as relativas á interconexión e acceso.

b) Os que ocasionen a xestión, control e execución do réxime establecido nesta lei.

c) Os que ocasionen a xestión, control e execución dos dereitos de ocupación do dominio público, os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico e a numeración.

d) A xestión das notificacións reguladas no artigo 6 desta lei.

e) Os gastos de cooperación internacional, harmonización e normalización e a análise de mercado.

3. Sen prexuízo do disposto no número 2, as taxas establecidas polo uso do dominio público radioeléctrico, a numeración e o dominio público necesario para a instalación de redes de comunicacións electrónicas terán como finalidade a necesidade de garanti-lo uso óptimo destes recursos, tendo en conta o valor do ben do que se outorga o uso e a súa escaseza. As taxas deberán ser non discriminatorias, transparentes, xustificadas obxectivamente e ser proporcionadas ó seu fin. Así mesmo, deberán fomenta-lo cumprimento dos obxectivos e principios establecidos no artigo 3, nos termos que se establezan regulamentariamente.

4. As taxas a que se refiren os números anteriores serán impostas de maneira obxectiva, transparente e proporcional, de maneira que se minimicen os custos administrativos adicionais e as cargas que derivan deles.

5. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, así como as administracións territoriais que xestionen e liquiden taxas subsumibles no número 2 deste artigo, publicarán un resumo anual dos gastos administrativos que xustifican a súa imposición e do importe total da recadación.

6. As taxas en materia de telecomunicacións xestionadas pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos serán as recollidas no anexo I desta lei.

## TÍTULO VIII

## Inspección e réxime sancionador

Artigo 50. *Funcións inspectoras e sancionadoras.*

1. A función inspectora en materia de telecomunicacións corresponde:

- a) Á Axencia Estatal de Radiocomunicacións.
- b) Á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.
- c) Ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

2. Será competencia do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a inspección dos servizos e das redes de telecomunicacións, das súas condicións de prestación, dos equipamentos, dos aparellos, das instalacións e dos sistemas civís, que contará cun servizo central de inspección técnica de telecomunicacións.

3. Corresponderalle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a inspección das actividades dos

operadores de telecomunicacións respecto das cales teña competencia sancionadora de conformidade con esta lei.

4. Corresponderalle á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a competencia de control e inspección do dominio público radioeléctrico, así como a realización de actividades de inspección conforme o establecido no número seguinte.

5. Para a realización de determinadas actividades de inspección técnica, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en materias da súa competencia, poderán solicita-la actuación da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

6. Os funcionarios da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e o persoal da Comisión do Mercado das Telecomunicacións especificamente designado para isto terán, no exercicio das súas funcións inspectoras, a consideración de autoridade pública e poderán solicitar, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio necesario dos corpos e forzas de seguridade.

Os operadores ou os que realicen as actividades ás que se refire esta lei virán obrigados a lle facilitar ó persoal de inspección, no exercicio das súas funcións, o acceso ás súas instalacións. Tamén deberán permitir que este persoal leve a cabo o control dos elementos afectos ós servizos ou actividades que realicen, das redes que instalen ou exploten e de cantos documentos están obrigados a posuír ou conservar. As persoas físicas e xurídicas comprendidas neste parágrafo quedan obrigadas a pór ó dispor do persoal de inspección cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal for o seu soporte, este considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

As actuacións de comprobación ou investigación levadas a cabo pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións no ámbito das súas competencias poderanse desenvolver, á escolla dos seus servizos:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da persoa ou entidade inspeccionada ou de quen as represente.

b) Nos propios locais da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Cando as actuacións de comprobación ou investigación se desenvolvan nos lugares sinalados na alínea a) anterior, observarse a xornada laboral destes, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas ou días.

As obrigas establecidas nos parágrafos anteriores serán tamén esixibles ós que, carecendo de título habilitante, aparezan como responsables da prestación do servizo, da instalación ou da explotación da rede ou do exercicio da actividade.

7. A aplicación do réxime sancionador correspóndelles ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións de conformidade co establecido no artigo 58 desta lei.

Artigo 51. *Responsabilidade polas infraccións en materia de telecomunicacións.*

A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións será esixible:

a) No caso de incumprimento das condicións establecidas para a explotación de redes ou a prestación

s de servizos de comunicacións electrónicas, á persoa física ou xurídica que desenvolva a actividade.

b) Nas cometidas con motivo da explotación de redes ou a prestación de servizos sen ter efectuado a notificación a que se refire o artigo 6 desta lei, á persoa física ou xurídica que realice a actividade ou, subsidiariamente, á que teña a dispoñibilidade dos equipamentos e instalacións por calquera título xurídico válido en dereito ou carecendo deste.

c) Nas cometidas polos usuarios ou por outras persoas que, sen estaren comprendidas nos parágrafos anteriores, realicen actividades reguladas na normativa sobre telecomunicacións, á persoa física ou xurídica a actuación da cal se encontre tipificada polo precepto infrinxido ou á que as normas correspondentes lle atribúen especificamente a responsabilidade.

#### Artigo 52. Clasificación das infraccións.

As infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

#### Artigo 53. Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións moi graves:

a) A realización de actividades sen título habilitante cando sexa legalmente necesario ou utilizando parámetros técnicos diferentes dos propios do título e a utilización de potencias de emisión notoriamente superiores ás permitidas ou de frecuencias radioeléctricas sen autorización ou distintas das autorizadas, sempre que, nestes dous últimos casos, se produzan danos graves ás redes ou á prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

b) O uso, en condicións distintas ás autorizadas, do espectro radioeléctrico que provoque alteracións que impidan a correcta prestación doutros servizos por outros operadores.

c) O incumprimento grave ou reiterado polos titulares de concesións, afectacións demaniais ou autorizacións para o uso do dominio público radioeléctrico das condicións esenciais que lles impoña o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

d) A transmisión total ou parcial de concesións ou autorizacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, sen cumprir cos requisitos establecidos para tal efecto pola normativa de desenvolvemento desta lei.

e) A produción deliberada de interferencias definidas como prexudiciais nesta lei, incluídas as causadas por estacións radioeléctricas que estean instaladas ou en funcionamento a bordo dun buque, dunha aeronave ou de calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado que transmita emisións desde fóra do territorio español para a súa posible recepción total ou parcial neste.

f) Efectuar emisións radioeléctricas que incumpran gravemente os límites de exposición establecidos na normativa de desenvolvemento do artigo 44 desta lei e incumprir gravemente as demais medidas de seguridade establecidas na dita normativa, incluídas as obrigas de sinalización ou cerramento das instalacións radioeléctricas.

g) Permitti-lo emprego de enlaces procedentes do exterior do territorio nacional que se faciliten a través de satélites o uso do cales non fose previamente autorizado.

h) A instalación, posta en servizo ou utilización de terminais ou de equipamentos conectados ás redes públicas de comunicacións electrónicas que non avaliasen

a súa conformidade, conforme o título IV desta lei, se se producen danos moi graves a aquelas.

i) A importación ou a venda por xunto de equipamentos ou aparellos a conformidade dos cales non fose avaliada de acordo co disposto no título IV desta lei, ou nos acordos ou convenios internacionais celebrados polo Estado español.

j) O incumprimento grave e reiterado polos titulares dos laboratorios designados ou polas entidades colaboradoras da Administración das obrigas que regulamentariamente se establezan para o seu funcionamento ou das derivadas da súa acreditación ou concerto, no proceso de avaliación dos aparellos de telecomunicacións, de conformidade coas especificacións técnicas que lles sexan de aplicación.

k) A negativa ou a obstrución a ser inspeccionado, e a non colaboración coa inspección cando esta sexa requirida.

l) O incumprimento grave ou reiterado das obrigas de servizo público, segundo o establecido no título III.

m) O incumprimento reiterado da obriga de manter os niveis de calidade establecidos para a prestación dos servizos.

n) A interceptación, sen autorización, de telecomunicacións non destinadas ó público en xeral.

ñ) A divulgación do contido, ou da simple existencia, de mensaxes non destinadas ó público en xeral emitidas ou recibidas a través de servizos de telecomunicacións, a que se acceda mediante a interceptación voluntaria ou involuntaria, a súa publicación ou calquera outro uso delas sen a debida autorización.

o) O incumprimento deliberado por parte dos operadores das obrigas en materia de interceptación legal das comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 33 desta lei.

p) O incumprimento reiterado dos requirimentos de información formulados polo órgano competente da Administración do Estado no exercicio das súas funcións.

q) O incumprimento das instrucións dictadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no exercicio das competencias que en materia de mercados de referencia e operadores con poder significativo lle atribúe esta lei.

r) O incumprimento das resolucións adoptadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións no exercicio das súas funcións en materia de comunicacións electrónicas, con excepción das que leve a cabo no procedemento arbitral logo de sometemento voluntario das partes.

s) O incumprimento grave ou reiterado polos operadores das condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.

t) A explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas sen cumprir os requisitos esixibles para realizar tales actividades establecidos nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

u) O incumprimento do establecido no artigo 6.1.

v) O incumprimento, por parte das persoas físicas ou xurídicas habilitadas para a explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas accesibles ó público, das obrigas en materia de acceso e interconexión ás que estean sometidas pola vixente lexislación.

w) O incumprimento das condicións determinantes da adxudicación e asignación dos recursos de numeración incluídos nos plans de numeración debidamente aprobados.

x) O incumprimento reiterado dos requirimentos de información formulados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións no exercicio das súas funcións.

y) A falta de notificación á Administración polo titular dunha rede de comunicacións electrónicas dos ser-

vicios que se estean prestando a través dela cando esta información sexa esixible de acordo coa normativa aplicable.

z) A vulneración grave ou reiterada dos dereitos previstos polo artigo 38.3, salvo o previsto pola alínea h), a infracción da cal se rexerá polo réxime sancionador previsto pola Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

#### Artigo 54. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións graves:

a) A realización de actividades sen título habilitante cando sexa legalmente necesario ou utilizando parámetros técnicos diferentes dos propios do título e a utilización de potencias de emisión notoriamente superiores ás permitidas ou de frecuencias radioeléctricas sen autorización ou distintas das autorizadas, sempre que as referidas condutas non constitúan infracción moi grave.

b) A instalación de estacións radioeléctricas sen autorización, cando, de acordo co disposto na normativa reguladora das telecomunicacións, sexa necesaria, ou de estacións radioeléctricas a bordo dun buque, dunha aeronave ou de calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado, que, no mar ou fóra del, posibilite a transmisión de emisións desde o exterior para a súa posible recepción total ou parcial en territorio nacional.

c) A mera produción de interferencias definidas como prexudiciais nesta lei que non se encontren comprendidas no artigo anterior.

d) A emisión de sinais de identificación falsos ou enganosos.

e) O uso, en condicións distintas das autorizadas, do espectro radioeléctrico que provoque alteracións que dificulten a correcta prestación doutros servizos por outros operadores.

f) Non atenderlo requirimento feito pola autoridade competente para o cesamento das emisións radioeléctricas, nos supostos de produción de interferencias.

g) O establecemento de comunicacións con estacións non autorizadas.

h) Efectuar emisións radioeléctricas que incumpran os límites de exposición establecidos na normativa de desenvolvemento do artigo 44 desta lei e incumprilas demais medidas de seguridade establecidas nela, incluídas as obrigas de sinalización ou cerramento das instalacións radioeléctricas.

i) A instalación, posta en servizo ou utilización de terminais ou de equipamentos conectados ás redes públicas de comunicacións electrónicas que non avaliasen a súa conformidade, conforme o título IV desta lei, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave.

j) A distribución, venda ou exposición para a venda de equipamentos ou aparellos se a conformidade destes cos requisitos esenciais aplicables non foi avaliada de acordo co disposto no título IV desta lei ou nos acordos ou convenios internacionais celebrados polo Estado español.

k) A realización da actividade de instalación de aparellos e sistemas de telecomunicación sen dispor do correspondente título habilitante, así como o incumprimento dos requisitos aplicables ó acceso ós servizos de telecomunicacións no interior dos edificios e á instalación neles das infraestruturas de telecomunicacións.

l) A alteración, a manipulación ou a omisión das características técnicas, das marcas, das etiquetas, dos signos de identificación ou da documentación dos equipamentos ou dos aparellos de telecomunicacións.

m) O incumprimento polas entidades colaboradoras da Administración para a normalización e a homologación das prescricións técnicas e do contido das auto-

rizacións ou dos concertos que lles afecten, conforme o que regulamentariamente se determine.

n) Os seguintes actos de colaboración cos usuarios de buques ou aeronaves, xa sexan nacionais ou de bandeira estranxeira, efectuados deliberadamente e que posibiliten a produción das infraccións previstas na alínea h) do artigo 53 e na alínea b) deste artigo:

1.º A subministración, o mantemento ou a reparación do material que incorpore o buque ou a aeronave.

2.º O seu aprovisionamento ou abastecemento.

3.º A subministración de medios de transporte ou o transporte de persoas ou de material ó buque ou á aeronave.

4.º O encargo ou a realización de producións de todo tipo desde buques ou aeronaves, incluída a publicidade destinada á súa difusión por radio.

5.º A prestación de servizos relativos á publicidade das estacións instaladas nos buques ou nas aeronaves.

6.º Calquera outro acto de colaboración para a comisión dunha infracción en materia de telecomunicacións mediante o uso de buques ou aeronaves.

ñ) O incumprimento por parte dos operadores das obrigas en materia de interceptación legal das comunicacións impostas en desenvolvemento do artigo 33 desta lei, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave, conforme o disposto no artigo anterior.

ou) O incumprimento das obrigas de servizo público, segundo o establecido no título III, salvo que se deba considerar como infracción moi grave, conforme o previsto no artigo anterior.

p) O incumprimento por parte dos operadores das condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.

q) Calquera outro incumprimento grave das obrigas dos operadores explotadores de redes ou prestadores de servizos de comunicacións electrónicas ou dos seus usuarios, previsto nas leis vixentes, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave, conforme o disposto no artigo anterior.

r) A vulneración dos dereitos previstos polo artigo 38.3, salvo que deba ser recoñecida como infracción moi grave. Queda exceptuado o dereito previsto pola alínea h), a infracción da cal se rexerá polo réxime sancionador previsto pola Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

#### Artigo 55. *Infraccións leves.*

Considéranse infraccións leves:

a) A produción de calquera tipo de emisión radioeléctrica non autorizada, salvo que deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.

b) A mera produción de interferencias cando non deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.

c) Carecer dos preceptivos cadros de tarifas ou de prezos cando a súa exhibición sexa esixida pola normativa vixente.

d) Non facilita-los datos requiridos pola Administración ou atrasar inxustificadamente a súa entrega cando resulte esixible conforme o previsto pola normativa reguladora das comunicacións electrónicas.

e) Calquera outro incumprimento das obrigas impostas a operadores de redes ou de servizos de comunicacións electrónicas ou dos seus usuarios, previsto nas leis vixentes, salvo que deba ser considerado como infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos artigos anteriores.

s  
Artigo 56. Sancións.

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións imporán, no ámbito das súas respectivas competencias, as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves tipificadas nas alíneas q) e r) do artigo 53 imporáselle ó infractor multa por importe non inferior ó tanto, nin superior ó quintuplo, do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. En caso de que non resulte posible aplicar este criterio ou que da súa aplicación resultase unha cantidade inferior á maior das que a seguir se indican, esta última constituirá o límite do importe da sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o un por cento dos ingresos brutos anuais obtidos pola entidade infractora no último exercicio na rama de actividade afectada ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o cinco por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou 20 millóns de euros.

b) Pola comisión das demais infraccións moi graves imporáselle ó infractor multa por importe non inferior ó tanto, nin superior ó quintuplo, do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción. En caso de que non resulte posible aplicar este criterio, o límite máximo da sanción será de dous millóns de euros.

As infraccións moi graves, en función das súas circunstancias, poderán dar lugar á inhabilitación ata de cinco anos do operador para a explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

c) Pola comisión de infraccións graves imporáselle ó infractor multa por importe de ata o duplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións que constituían aquelas ou, en caso de que non resulte aplicable este criterio, o límite máximo da sanción será de 500.000 euros.

As infraccións graves, en función das súas circunstancias, poderán ir acompañadas de amoestación pública, con publicación no «Boletín Oficial del Estado» e en dous xornais de difusión nacional, unha vez que a resolución sancionadora teña carácter firme.

d) Pola comisión de infraccións leves imporáselle ó infractor unha multa por importe de ata 30.000 euros.

As infraccións leves, en función das súas circunstancias, poderán ir acompañadas dunha amoestación privada.

2. En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o seguinte:

- A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito ó que se sanciona.
- A repercusión social das infraccións.
- O beneficio que lle reportase ó infractor o feito obxecto da infracción.
- O dano causado.

Ademais, para a fixación da sanción terase en conta a situación económica do infractor, derivada do seu patrimonio, dos seus ingresos, das súas cargas familiares e das demais circunstancias persoais que acredite que lle afectan.

O infractor virá obrigado, se é o caso, ó pagamento das taxas que debería ter satisfeito no suposto de ter realizado a notificación a que se refire o artigo 6 ou

de ter desfrutado de título para a utilización do dominio público radioeléctrico.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1 deste artigo, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán adoptar as seguintes medidas:

a) As infraccións ás que se refiren os artigos 53 e 54 poderán dar lugar á adopción de medidas cautelares, que de conformidade co artigo 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán consistir na precintaxe e, se for o caso, na retirada do mercado dos equipamentos ou instalacións que empregase o infractor por un prazo máximo de seis meses, e na orde de cesamento inmediato da actividade presuntamente infractora, sendo, se for o caso, aplicable o réxime de execución subsidiaria previsto no artigo 98 da devandita lei.

b) Cando o infractor careza de título habilitante para a ocupación do dominio público ou o seu equipamento non avalíase a súa conformidade, manteranse as medidas cautelares previstas no parágrafo anterior ata a resolución do procedemento ou ata a avaliación da conformidade.

c) As sancións impostas por calquera das infraccións comprendidas nos artigos 53 e 54, cando se requira título habilitante para o exercicio da actividade realizada polo infractor, poderán ir acompañadas, como sanción accesoria, da precintaxe ou a incautación dos equipamentos ou aparellos ou a clausura das instalacións en canto non se dispoña do referido título.

d) Así mesmo, poderase acordar, como medida de aseguramento da eficacia da resolución definitiva que se dicte, a suspensión provisoria da eficacia do título e a clausura provisoria das instalacións, por un prazo máximo de seis meses.

4. Ademais da sanción que corresponda impor ós infractores, cando se trate dunha persoa xurídica poderáselles impor unha multa de ata 60.000 euros ós seus representantes legais ou ás persoas que integran os órganos directivos que interviñesen no acordo ou decisión.

Quedan excluídas da sanción aquelas persoas que, formando parte de órganos colexiados de administración, non asistisen ás reunións ou votasen en contra ou salvando o seu voto.

5. As contías sinaladas neste artigo poderán ser actualizadas polo Goberno, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

Artigo 57. Prescrición.

1. As infraccións reguladas nesta lei prescribirán, as moi graves, ós tres anos; as graves, ós dous anos, e as leves, ós seis meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezase a computar desde o día en que se cometesen. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador. O prazo de prescrición volverá a correr se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

No suposto de infracción continuada, a data inicial do cómputo será aquela en que se deixe de realizar a actividade infractora ou a do último acto con que a infracción se consume. Non obstante, entenderase que persiste a infracción mentres os equipamentos, aparellos ou instalacións obxecto do expediente non se encontren ó dispor da Administración ou mentres quede constancia fidedigna da súa imposibilidade de uso.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos; as impostas por faltas graves, ós

dous anos, e as impostas por faltas leves, ó ano. O prazo de prescrición das sancións comezarase a computar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a corre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

#### Artigo 58. *Competencias sancionadoras.*

A competencia sancionadora corresponderá:

a) Á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, cando se trate de infraccións moi graves tipificadas nas alíneas q) a x) do artigo 53, infraccións graves tipificadas na alínea p) e, no ámbito material da súa actuación, na alínea q) do artigo 54, e infraccións leves tipificadas na alínea d) do artigo 55, respecto dos requirimentos por ela formulados. Dentro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a imposición de sancións corresponderá:

1.º Ó Consello, respecto das infraccións moi graves e graves.

2.º Ó presidente, respecto das leves.

b) Á Axencia de Protección de Datos, cando se trate das infraccións moi graves comprendidas na alínea z) do artigo 53 e das infraccións graves previstas pola alínea r) do artigo 54.

c) Cando se trate de infraccións non incluídas nas alíneas anteriores, e no ámbito de competencias da Administración xeral do Estado, a imposición de sancións corresponderalle ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

O exercicio da potestade sancionadora suxeitarase ó procedemento aplicable, con carácter xeral, á actuación das administracións públicas. Non obstante, o prazo máximo de duración do procedemento será dun ano e o prazo de alegacións non terá unha duración inferior a un mes.

#### Disposición adicional primeira. *Limitacións e servidumes.*

1. As limitacións á propiedade e as servidumes ás que fai referencia o número 1 do artigo 32 desta lei poderán afectar:

- A altura máxima dos edificios.
- A distancia mínima á que se poderán situar as industrias e instalacións eléctricas de alta tensión e liñas férreas electrificadas.
- A distancia mínima á que se poderán instalar transmisores radioeléctricos.

2. Coa excepción da normativa legal vixente aplicable á defensa nacional e á navegación aérea, non se poderán establecer, por vía regulamentaria, limitacións á propiedade nin servidumes que conteñan condicións máis gravosas que as seguintes:

a) Para distancias inferiores a 1.000 metros, o ángulo sobre a horizontal co que se observe, desde a parte superior das antenas receptoras de menor altura da estación, o punto máis elevado dun edificio será como máximo de tres graos.

b) A máxima limitación esixible de separación entre unha industria ou unha liña de tendido eléctrico de alta tensión ou de ferrocarril e calquera das antenas receptoras da estación será de 1.000 metros.

A instalación de transmisores radioeléctricos nas proximidades da estación realizarase coas seguintes limitacións:

Gama de frecuencias	Potencia radiada aparente do transmisor en dirección á instalación a protexer — Quilowatts	Máxima limitación esixible de separación entre instalacións a protexer e antena do transmisor — Quilómetros
f < 30 MHz	0,01 < P < 1 1 < P < 10 P > 10	2 10 20
f > 30 MHz	0,01 < P < 1 1 < P < 10 P > 10	1 2 5

3. As limitacións de intensidade de campo eléctrico esixiranse para aquelas instalacións en que os equipamentos teñan unha alta sensibilidade. Enténdese que utilizan equipamentos de alta sensibilidade as instalacións dedicadas á investigación. Para as instalacións de radioastronomía e astrofísica, estas limitacións serán as seguintes:

a) As estacións dedicadas á observación radioastronómica, en cada unha das bandas de frecuencia que se encontran atribuídas ó servizo de radioastronomía de conformidade co cadro nacional de atribución de frecuencias, estarán protexidas contra a interferencia prexudicial polos niveis de intensidade de campo que se indican a seguir:

- −34,2 dB (μV/m) na banda 1400 a 1427 MHz.
- −35,2 dB (μV/m) na banda 1610,6 a 1613,8 MHz.
- −35,2 dB (μV/m) na banda 1660 a 1670 MHz.
- −31,2 dB (μV/m) na banda 2690 a 2700 MHz.
- −25,2 dB (μV/m) na banda 4990 a 5000 MHz.
- −14,2 dB (μV/m) na banda 10,6 a 10,7 GHz.
- −10,2 dB (μV/m) na banda 15,35 a 15,4 GHz.
- −2,2 dB (μV/m) na banda 22,21 a 22,5 GHz.
- −1,2 dB (μV/m) na banda 23,6 a 24 GHz.
- 4,8 dB (μV/m) na banda 31,3 a 31,8 GHz.
- 8,8 dB (μV/m) na banda 42,5 a 43,5 GHz.
- 20,8 dB (μV/m) na banda 86 a 92 GHz.

b) Para a protección das instalacións de observatorios de astrofísica, a limitación da intensidade de campo eléctrico, en calquera frecuencia, será de 88,8 dB (μV/m) na localización do observatorio.

4. Para un mellor aproveitamento do espectro radioeléctrico, a Administración poderá impor, nas instalacións, a utilización daqueles elementos técnicos que melloren a compatibilidade radioelétrica entre estacións.

#### Disposición adicional segunda. *Significado dos termos empregados por esta lei.*

Para os efectos desta lei, os termos definidos no anexo II terán o significado que alí se lles asigna.

#### Disposición adicional terceira. *Aplicación da lexislación reguladora das infraestructuras comúns nos edificios, e da disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro.*

A lexislación que regule as infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación manterá a súa vixencia e non quedará afectada pola entrada en vigor desta lei.

O mesmo ocorrerá coa disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

s  
Disposición adicional cuarta. *Información confidencial.*

As entidades que fornezan a algunha autoridade nacional de regulamentación datos ou informacións de calquera tipo con ocasión do desempeño das súas funcións poderán indicar, de forma xustificada, qué parte do fornecido consideran de transcendencia comercial ou industrial, a difusión da cal podería prexudicalos, para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade respecto de calquera persoa ou entidade que non sexa parte dalgunha autoridade nacional de regulamentación. Cada autoridade nacional de regulamentación decidirá, de forma motivada e a través das resolucións oportunas, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial e sobre a amparada pola confidencialidade.

Disposición adicional quinta. *O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.*

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, presidido polo ministro de Ciencia e Tecnoloxía ou pola persoa en quen delegue, é un órgano asesor do Goberno en materia de telecomunicacións e sociedade da información.

2. As funcións do Consello serán de estudo, deliberación e proposta en materias relativas ás telecomunicacións e á sociedade da información, sen prexuízo das competencias que correspondan ós órganos colexiados interministeriais con competencias de informe ó Goberno en materia de política informática. Corresponderalle, igualmente, informar sobre os asuntos que o Goberno determine ou sobre os que, por propia iniciativa, xulgue conveniente. O informe do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información equivalerá á audiencia á que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

O Goberno, mediante real decreto, establecerá a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, os membros do cal representarán a Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas, a Administración local a través das súas asociacións ou federacións máis representativas, os usuarios, incluíndo en todo caso os discapacitados a través das súas organizacións máis representativas, os operadores que presten servicios ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, os prestadores de servicios da sociedade da información, as industrias fabricantes de equipamentos de telecomunicacións e da sociedade da información e os sindicatos máis representativos do sector.

Disposición adicional sexta. *Multas coercitivas.*

Para asegura-lo cumprimento das resolucións que dicten, a Administración xeral do Estado ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderán impor multas coercitivas por importe diario de 100 ata 10.000 euros, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As multas coercitivas serán independentes das sancións que se poidan impor con tal carácter e compatibles con elas.

O importe das multas coercitivas previstas nesta disposición ingresarase no Tesouro Público.

Disposición adicional sétima. *Obrigas en materia de acceso condicional, acceso a determinados servicios de radiodifusión e televisión, televisión de formato largo e obrigas de transmisión.*

1. Mediante regulamento regularanse as condicións aplicables ós operadores de redes públicas de comu-

nicacións electrónicas en materia de acceso condicional ós servicios de televisión e radio dixitais difundidos ós telespectadores e oíntes, con independencia do medio de transmisión utilizado. Así mesmo, regularase mediante real decreto o procedemento de revisión das ditas condicións pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no suposto de que o operador obrigado xa non tivese poder significativo no mercado en cuestión.

2. Na medida en que sexa necesario para garanti-lo acceso dos usuarios finais a determinados servicios dixitais de radiodifusión e televisión, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor, na forma e para os servicios que determine regulamentariamente o Goberno, obrigas ós operadores que dispoñan de interfaces de programa de aplicacións (API) e guías electrónicas de programación (EPG) para que faciliten o acceso a estes recursos en condicións razoables, xustas e non discriminatorias.

3. As redes públicas de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de servicios de televisión dixital deberán dispor de capacidade para distribuír programas e servicios de televisión de formato largo. Os operadores das ditas redes que reciban programas ou servicios de televisión de formato largo para a súa posterior distribución estarán obrigados a manter ese formato.

4. Mediante regulamento aprobado polo Goberno poderanse impor, como obrigas de servicio público, esixencias razoables de transmisión de determinadas canles e servicios de programas de radio e televisión ós operadores que exploten redes de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de programas de radio ou televisión ó público, se un número significativo de usuarios finais das ditas redes as utiliza como medio principal de recepción de programas de radio e televisión, cando resulte necesario para alcanzar obxectivos de interese xeral claramente definidos e de forma proporcionada, transparente e periodicamente revisable.

Disposición adicional oitava. *Mecanismo de consulta.*

As medidas adoptadas por unha autoridade nacional de regulamentación de acordo cos artigos 10, 13, 19 e da disposición adicional sétima desta lei e da súa normativa de desenvolvemento someteranse ó mecanismo de consulta establecido no artigo 7 da Directiva 2002/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servicios de comunicacións electrónicas (directiva marco) e as normas dictadas para o efecto en desenvolvemento del pola Comisión Europea.

Disposición adicional novena. *Protección de datos persoais.*

Non será preciso o consentimento do interesado para a comunicación de datos persoais necesaria para o cumprimento do previsto nos artigos 7 e 38.6 desta lei.

Disposición adicional décima. *Servicios de difusión por cable.*

Os servicios de difusión de radio e televisión por cable prestaranse en réxime de libre competencia, nas condicións que estableza o Goberno mediante regulamento. Para a súa prestación nun ámbito territorial superior ó dunha comunidade autónoma será preceptiva a obtención previa dunha autorización administrativa estatal e a súa inscrición no rexistro que para tal efecto se levará na Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Os operadores que teñan un ámbito territorial de actuación que non exceda do correspondente ó dunha



comunidade autónoma deberanlle solicita-la autorización ó órgano competente desta. Estas autorizacións inscribíranse nos rexistros establecidos para o efecto por cada comunidade autónoma. Tales inscricións deberanse comunicar ó rexistro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións para efectos meramente informativos.

O regulamento dos servizos de difusión de radio e televisión establecerá as obrigas dos titulares das autorizacións e, en particular, as relativas a:

- a) Distribución de programas de titularidade de programadores independentes.
- b) Cumprimento da lexislación aplicable en materia de contidos dos servizos de radio e televisión.

Disposición adicional décimo primeira.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá requirir ós solicitantes dos informes a que se refire o número 4 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, a presentación de informe de cualificación das actividades e identificación dos gastos e investimentos asociados en investigación e desenvolvemento ou innovación realizados por entidades debidamente acreditadas nos termos que se establezan regulamentariamente.

Disposición adicional décimo segunda. *Despregamento de infraestructuras de radiocomunicación.*

No marco do previsto no número 7 do artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, crearase un órgano de cooperación con participación das comunidades autónomas para impulsar, salvagardando as competencias de tódalas administracións implicadas, o despregamento das infraestructuras de radiocomunicación, en especial as redes de telefonía móbil e fixa sen fíos, de acordo cos principios de seguridade das instalacións, dos usuarios e do público en xeral, a máxima calidade do servizo, a protección do ambiente e a disciplina urbanística. Para estes efectos, e de acordo co previsto polo número 8 do citado artigo 5 da Lei 30/1992, a asociación das entidades locais de ámbito estatal con maior implantación poderá ser convidada a asistir ás reunións do citado órgano de cooperación.

Disposición transitoria primeira. *Dereitos recoñecidos e títulos outorgados antes da entrada en vigor desta lei.*

Respecto das normas en vigor no momento de aprobación desta lei e dos dereitos recoñecidos e os títulos outorgados ó abeiro daquelas, será de aplicación o seguinte:

1. As normas dictadas en desenvolvemento do título II da Lei xeral de telecomunicacións en relación coas autorizacións e licencias individuais continuarán vixentes no que non se opoñan a esta lei, ata que se aprobe a normativa de desenvolvemento prevista no artigo 8.

2. Respecto dos títulos actualmente existentes aplícaranse as seguintes normas:

a) Quedan extinguidos desde a entrada en vigor desta lei tódolos títulos habilitantes outorgados para a explotación de redes e a prestación de servizos de telecomunicacións, quedando os seus titulares habilitados para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas, sempre que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo primeiro do artigo 6.1 desta lei.

A extinción do título non implicará a doutros que estivesen vinculados a el, entre outros, aqueles que lle

outorguen dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, de numeración ou de ocupación da propiedade pública ou privada.

En particular, quedan extinguidos os seguintes títulos:

As autorizacións xerais e provisionais.

As licencias individuais.

As concesións administrativas para a prestación de servizos de telecomunicacións pendentes de transformación á entrada en vigor desta lei.

Non obstante o anterior, seguirán sendo esixibles as condicións aplicables conforme os seus antigos títulos e normativa anterior vixente ata que se desenvolva o regulamento a que se refire o artigo 8 da lei cando non sexan incompatibles coas condicións que, segundo a Directiva 2002/20/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas, poden asociarse a unha autorización xeral. No caso de licencias individuais outorgadas con limitación de número, as condicións ligadas á licenza extinta entenderanse afectas á concesión demanial resultante da transformación prevista na alínea 8.d) desta disposición transitoria.

En canto non se desenvolva regulamentariamente o título II desta lei, aquelas persoas físicas ou xurídicas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 6 desta lei, lle notifiquen á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a súa intención de prestaren servizos ou explotaren redes de comunicacións electrónicas, ou solicitasen unha autorización ou licenza conforme o réxime anterior sen teren obtido aínda o correspondente título, poderán iniciar a prestación da actividade nos termos establecidos na normativa anterior, no que non se opoña a esta lei.

b) Os actuais rexistros especiais de titulares de autorizacións xerais e de titulares de licencias individuais e, en xeral, cantos conteñan inscricións de calquera outro título ou titulares de habilitacións para prestar servizos de telecomunicacións que se extingan como consecuencia da entrada en vigor desta lei seguiranse levando nos termos que se indican no parágrafo seguinte en canto non se desenvolva regulamentariamente o rexistro de operadores a que se refire o artigo 7 desta lei.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, tódalas inscricións contidas nos actuais rexistros consideraranse inscricións de persoas físicas ou xurídicas habilitadas para explotaren redes ou prestaren servizos de comunicacións electrónicas, sempre que estas reúnan os requisitos establecidos no artigo 6 desta lei.

O Rexistro de titulares de autorizacións xerais seguirá vixente para a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que presenten notificacións ó abeiro do artigo 6 desta lei ata a posta en funcionamento do novo rexistro, e incorporará, ademais, a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas que, conforme a normativa anterior, non fosen susceptibles de inscrición.

c) As licencias para autoprestación con concesión demanial anexa de dominio público radioeléctrico transformaranse nunha autorización administrativa de uso privativo de dominio público radioeléctrico, mantendo o prazo de duración que lles correspondese ata a finalización do título que se transforma. Os órganos competentes en xestión do espectro radioeléctrico procederán de oficio a efectuar as correspondentes modificacións nos títulos anulando a licenza para autoprestación.

As concesións de servizos portadores e finais de telecomunicacións ou de telecomunicacións móbiles pendentes de transformar das previstas na disposición transitoria primeira, número 6, da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, seralles de aplicación o previsto respecto das licencias individuais de tipo B

s  
e C que manteñan dereitos de ocupación de dominio público e da propiedade privada e obrigas de servizo público.

3. Os mercados de referencia actualmente existentes, os operadores dominantes nos ditos mercados e as obrigas que teñen impostas os ditos operadores continuarán en vigor ata que, nos termos fixados no título II, se fixen os novos mercados de referencia, as empresas con poder significativo nos ditos mercados e as súas obrigas.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de telecomunicacións actualmente en vigor no relativo a interconexión e acceso ás redes públicas e numeración continuarán en vigor ata se aprobaren as novas normas que desenvolvan o título II desta lei.

Así mesmo, as normas legais e regulamentarias, así como os acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos en materia de regulación e fixación de prezos dos servizos de telecomunicacións, continuarán en vigor ata se fixaren, nos termos establecidos no parágrafo primeiro, os mercados de referencia, os operadores con poder significativo nos ditos mercados e as obrigas que sexan de aplicación en cada un dos ditos mercados ós operadores con poder significativo neles.

4. Tanto o Plan Nacional de Numeración para os Servizos de Telecomunicacións, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 14 de novembro de 1997, como o Real decreto 225/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento de asignación e reserva de numeración da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, así como as demais normas vixentes en materia de numeración, continuarán en vigor en canto non se dicten outras novas que as substitúan.

5. Ata que se aprobe o regulamento que substitúa o actualmente en vigor no relativo ó servizo universal e ás demais obrigas de servizo público, continuarán en vigor, no que non se opoña a esta lei, tanto o previsto no artigo 37.a) da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, como o disposto no dito regulamento.

En especial, o regulamento que substitúa o anteriormente citado deberá regula-la forma en que se efectuará a transición:

Na designación do operador ou operadores para a prestación do servizo universal en aplicación dos novos procedementos previstos no artigo 23.

No paso da aplicación do concepto de servizo universal da Lei xeral de telecomunicacións ó novo concepto do artigo 22.

En todo caso, seguirán en vigor ata a aprobación do novo regulamento as normas dictadas ó abeiro da Lei xeral de telecomunicacións que regulan os dereitos dos consumidores e usuarios, as infraestructuras comúns de telecomunicacións, así como o resto das disposicións regulamentarias en desenvolvemento do título III da dita lei.

6. En relación cos dereitos de ocupación da propiedade pública ou privada, desde a entrada en vigor desta lei será de plena aplicación o disposto nela e, para os efectos, as administracións a que se refire o capítulo II do título III non poderán funda-la denegación de dereitos de ocupación do dominio público ou privado senón na aplicación das normas a que se fai referencia no dito capítulo que aprobasen. Así mesmo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións deberá ter posto en funcionamento no dito prazo o sistema previsto no artigo 31.

7. As normas actualmente vixentes nas materias que desenvolven o título IV desta lei continuarán en vigor.

8. En relación coa normativa vixente antes da entrada en vigor desta lei sobre o uso do dominio público radioeléctrico, será de aplicación o seguinte:

a) As normas en vigor sobre o dominio público radioeléctrico no momento de aprobación desta lei, tanto os regulamentos como os plans de atribución de frecuencias, continuarán en vigor, coas particularidades que se establecen nas alíneas seguintes.

b) O uso especial do dominio público radioeléctrico continuarán rexéndose pola normativa vixente no momento da publicación desta lei en todo o que non se opoña a ela. En particular, no que se refire ó uso do espectro radioeléctrico correspondente ás bandas asignadas ós radioaficionados e á banda cidadá, manterán a súa validez os títulos habilitantes anteriormente existentes, podendo outorgarse, nas mesmas condicións, novos títulos en canto non se dicte a normativa que substitúa a actualmente en vigor.

As autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico, unha vez que finalice o período de validez das outorgadas antes da entrada en vigor desta lei, transformaranse no título que corresponda nas condicións previstas no título V.

c) O dereito ó uso privativo do dominio público radioeléctrico sen limitación de número transformarase da forma seguinte:

O dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico para autoprestación transformarase en autorización administrativa de dereito de uso privativo mantendo validez, para estes efectos, a concesión demanial outorgada afecta a unha licenza individual ata a finalización do prazo polo que foi outorgada, cos mesmos dereitos e obrigas, no que non se opoña a esta lei. Para os ditos efectos, considerarase esa concesión demanial independente de calquera licenza individual.

As concesións de uso privativo do dominio público radioeléctrico sen limitación de número para prestación de servizos a terceiros continuarán mantendo a súa validez nos termos en que se encontren outorgadas na actualidade.

d) Os títulos habilitantes para o exercicio do dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico con limitación de número continuarán mantendo a súa validez nos termos en que se encontren outorgados na actualidade, ata se aproba-lo regulamento a que se refire o artigo 44, debendo con posterioridade transformarse nunha concesión demanial nos termos que se establezan no citado regulamento.

9. En relación coas taxas de telecomunicacións, e ata se aprobaren e entraren en vigor as normas de desenvolvemento do título VII, seguirán sendo de aplicación as disposicións vixentes que establecen tanto as taxas coma os seus procedementos de recadación en materia de telecomunicacións, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria quinta desta lei e no seu anexo I.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, ata se aprobaren e entraren en vigor as normas de desenvolvemento do título VII, continuarán vixentes as seguintes taxas:

a) A taxa polo uso especial do dominio público radioeléctrico, prevista no artigo 73.4 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

b) O concepto da taxa do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, establecido pola tramitación e outorgamento de licencias individuais para uso de redes e servizos en réxime de autoprestación.

Polo contrario, ata se aprobaren e entraren en vigor as normas de desenvolvemento do título VII, non resultarán esixibles os seguintes conceptos das taxas previstas no número 4 do anexo I desta lei:

a) O concepto relativo á taxa pola tramitación de autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico, e

b) O concepto relativo á taxa pola tramitación de autorizacións ou concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.

As competencias de xestión e recadación en período voluntario atribuídas por esta lei á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas polos órganos actualmente competentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía mentres non se produza a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, conforme o disposto no número 13 do artigo 47 desta lei, e mentres non se aproben e entren en vigor as normas de desenvolvemento do título VII relativas ás taxas afectadas.

As referencias feitas na normativa de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, ós tipos de infraccións previstas na dita lei entenderanse feitas ás súas equivalentes desta lei.

10. Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei continuarán tramitándose de conformidade coa normativa anteriormente vixente ata a aprobación das disposicións regulamentarias correspondentes; a partir da dita data débense continuar os procedementos en curso, de conformidade co disposto nesta lei e en especial do disposto nos números anteriores, validándose, cando for o caso, as actuacións xa realizadas.

*Disposición transitoria segunda. Prestación do servizo universal.*

Durante o período transitorio previsto no número cinco da disposición transitoria primeira, a prestación do servizo universal no ámbito definido pola Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, seguirá correspondendo a Telefónica de España, S.A.U. Unha vez aprobado o regulamento previsto no dito número, observarase o disposto nel.

*Disposición transitoria terceira. Fixación de prezos.*

Durante o período transitorio previsto no número tres da disposición transitoria primeira, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá fixar, transitoriamente, prezos fixos, máximos e mínimos, ou os criterios para a súa fixación e os mecanismos para o seu control, en función dos custos reais da prestación do servizo e do grao de concorrencia de operadores no mercado. Para determina-lo citado grao de concorrencia, analizarase a situación propia de cada un dos distintos servizos, de forma tal que se garanta a concorrencia, o control das situacións de abuso de posición dominante e o acceso a aqueles de tódolos cidadáns a prezos alcanzables. Para estes efectos, os operadores que exploten redes ou presten servizos estarán obrigados a fornecer información pormenorizada sobre os seus custos, atendendo ós criterios e ás condicións que se fixan regulamentariamente. En todo caso, a dita información deberá ser relevante para os fins da regulación dos prezos e, así mesmo, deberase fornecer acompañada dun informe de conformidade emitido por unha empresa auditora independente.

*Disposición transitoria cuarta. Prestación de determinados servizos ós que se refire o artigo 25.*

En canto non se proceda ó desenvolvemento do disposto no artigo 25 desta lei, a Sociedade Estatal Correos

e Telégrafos, S. A., prestará directamente os servizos de télex, telegráficos e outros de características similares, ós que se refire o artigo 25.2 desta lei, axustándose, se é o caso, ó que prevexa o regulamento previsto no número 3 do dito artigo.

Así mesmo, encoméndaselle á Dirección Xeral da Mariña Mercante a prestación dos servizos de seguridade da vida humana no mar subsumibles baixo o artigo 25.1.

*Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio para a fixación das taxas establecidas no anexo I desta lei.*

Ata que se fixen, de conformidade co que se establece na lexislación específica sobre taxas e prestacións patrimoniais de carácter público, os valores ós que se refiren os números 1, 2, 3 e 4 do anexo I desta lei, será de aplicación o seguinte:

O importe da taxa anual que, conforme o número 1, os operadores deben satisfacer pola prestación de servizos a terceiros será o resultado de aplica-lo tipo do 1,5 por mil á cifra dos ingresos brutos de explotación que obteñan aqueles.

O valor de cada número para a fixación da taxa por numeración, a que se refire o número 2, será de 0,03 euros.

Ata que se fixe o importe da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, á que se refire o número 3, seguirá sendo de aplicación o establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

O importe mínimo para ingresar en concepto de taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, previsto no número 3.3 do anexo I, fíxase inicialmente en 100 euros.

As autorizacións para o uso especial do dominio público radioeléctrico transformadas conforme a alínea oito.b) da disposición transitoria primeira non estarán suxeitas ó pagamento da taxa por reserva dese dominio.

Ata se fixaren as contías da taxa prevista no número 4, aplicaranse as seguintes:

a) Pola expedición de certificacións rexistradas e de presentación de proxecto técnico e do certificado ou boletín de instalación, 37 euros.

b) Pola expedición de certificacións de cumprimento de especificacións técnicas, 292 euros.

c) Por cada acto de inspección ou comprobación técnica efectuado, 307 euros.

d) Pola tramitación da autorización ou concesión demanial para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, 62 euros.

e) Pola tramitación da autorización de uso especial do dominio público radioeléctrico, 180 euros por estación de afeccionado, e 100 euros por estación de banda cidadá.

f) Pola presentación ós exames para a obtención do diploma de operador de estacións de afeccionado, 20 euros.

g) Pola expedición do diploma de operador de estacións de afeccionado, 12 euros.

h) Por inscrición no rexistro de instaladores, 91 euros.

i) Pola solicitude e emisión do dictame técnico de avaliación da conformidade de equipamentos e aparellos de telecomunicación, 301 euros.

A partir da entrada en vigor desta lei, a reserva para uso privativo de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico estará suxeita á taxa por reserva do dominio público radioeléctrico conforme a regulación establecida nela, con independencia do momento en que se outorgasen os títulos habilitantes que deron dereito á reserva e da duración destes.

s  
Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio das obrigas en materia de televisión.*

1. Seguirán sendo aplicables as disposicións sobre o sistema de garantía de cobertura dos servizos soporte dos servizos de televisión, establecido actualmente na orde do 9 de marzo de 2000, pola que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ó uso do dominio público radioeléctrico, en canto non se manteñan, modifiquen ou eliminen a través do procedemento de fixación de mercados de referencia e poder significativo no mercado con obrigas ós operadores que se designen establecido nesta lei ou se impoñan, se é o caso, as correspondentes obrigas de servizo público.

2. Igualmente seguirán sendo aplicables as obrigas contidas na Lei 17/1997, do 3 de maio, pola que se incorpora ó dereito español a Directiva 95/47/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, sobre o uso de normas para a transmisión de sinais de televisión e se aproban medidas adicionais para a liberalización do sector, modificada polo Real decreto lei 16/1997, do 13 de setembro, en canto non se desenvolvan regulamentariamente os números 1 e 2 da disposición adicional sétima desta lei.

O disposto nos dous números anteriores non prexudica a posibilidade de transformalas obrigas referidas neles noutras obrigas de servizo público conforme o artigo 25 desta lei.

3. Así mesmo, seguirán sendo aplicables as obrigas de transmisión establecidas nas alíneas e), f) e g) do número 1 do artigo 11 da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable, mentres non se supriman, modifiquen ou substitúan conforme o disposto no número 4 da disposición adicional sétima desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Presentación da contabilidade de custos.*

Durante o período transitorio previsto no número 3 da disposición transitoria primeira será de aplicación o seguinte:

a) Os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ó público fixo ou de liñas susceptibles de arrendamento, que teñan a consideración de operador con poder significativo no mercado, presentarán ós ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, antes do 31 de xullo de cada ano, os resultados do sistema de contabilidade de custos do último exercicio pechado e do inmediatamente anterior, correspondentes ás áreas de negocio dos servizos telefónico fixo, de liñas susceptibles de arrendamento e de acceso e interconexión, prestados no territorio español, así como os de prestación do servizo universal de telecomunicacións, co grao de detalle que permita coñecer os custos totais e unitarios de cada un dos servizos, de acordo cos principios, criterios e condicións para o desenvolvemento do sistema de contabilidade de custos aprobados pola dita Comisión.

b) Así mesmo, os operadores que, non tendo a consideración de operadores con poder significativo no mercado, teñan obrigas de prestación do servizo universal de comunicacións electrónicas presentarán os resultados do sistema de contabilidade de custos pola prestación deste servizo, nas mesmas condicións e datas referidas na alínea anterior.

c) Os operadores de telefonía móbil automática que teñan a condición de operadores con poder significativo no mercado nacional de acceso e interconexión presentarán ós ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión do Mercado das Telecomunica-

cións, antes do 31 de xullo de cada ano, os estados de custos que xustifiquen os prezos de acceso e interconexión de acordo cos principios, criterios e condicións para o desenvolvemento do sistema de contabilidade de custos aprobados pola dita Comisión. Estes estados de custos serán os correspondentes ó último exercicio fechado e ó inmediatamente anterior e deberanse presentar auditados externamente.

A análise dos citados custos para efectos dos parágrafos anteriores, así como a súa incidencia sobre a estrutura sectorial, será levada a cabo polos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, coa asistencia da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición transitoria oitava. *Competencias da Comisión do Mercado das Telecomunicacións en materia de fomento da competencia nos mercados dos servizos audiovisuais.*

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións seguirá exercendo as funcións en materia de fomento da competencia nos mercados dos servizos audiovisuais que lle atribúe a Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións, nos termos previstos nela, en canto non entre en vigor a nova lexislación do sector audiovisual.

Disposición transitoria novena. *Resolución de procedementos sancionadores polo envío non autorizado de comunicacións comerciais por correo electrónico iniciados antes da entrada en vigor desta lei.*

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá resolver conforme a regulación vixente da Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico á entrada en vigor desta lei, os procedementos sancionadores polo envío non autorizado de comunicacións comerciais por correo electrónico ou medios de comunicación electrónica equivalentes iniciados ó abeiro da dita lei, que non conclúsen á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria décima. *Réxime dos servizos de difusión por cable.*

Os títulos habilitantes outorgados para os servizos de difusión de radio e televisión por cable e os que se encontren en proceso de outorgamento ó abeiro da Lei 42/1995, do 22 de decembro, de telecomunicacións por cable, serán transformados de maneira inmediata pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións na correspondente autorización administrativa. Se o ámbito territorial de actuación do servizo non excedese o correspondente a unha comunidade autónoma, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións comunicarlle ó órgano competente da comunidade autónoma a transformación en autorización administrativa.

Ata que se aprobe o regulamento a que se refire a disposición adicional décima desta lei, ás autorizacións que resulten da transformación prevista no parágrafo anterior seranlles de aplicación os artigos 10.1, 10.2 e 12 da Lei 42/1995, do 22 de decembro, de telecomunicacións por cable.

Non obstante o disposto na disposición adicional décima, non se outorgarán novas autorizacións para a prestación dos servizos de difusión por cable antes do 31 de decembro de 2009, salvo que o Goberno a partir do 31 de decembro de 2005, logo de dictame razoado da Comisión de Mercado das Telecomunicacións relativo á situación global de extensión das redes de cable, considere conveniente a modificación do termo.

Vencido o termo a que se refire o artigo anterior, o outorgamento das autorizacións realizarase conforme o que se estableza por regulamento. Nel estableceranse as condicións de prestación do servizo, que serán aplicables tanto ós titulares previstos no parágrafo anterior coma ós que obteñan as autorizacións mencionadas neste.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, poderanse outorgar novas autorizacións para a prestación dos servizos de difusión por cable antes da data mencionada, unha vez que entrase en vigor o regulamento previsto pola disposición adicional décima, dentro do ámbito das demarcacións territoriais constituídas conforme a Lei 42/1995, do 22 de decembro, de telecomunicacións por cable, nas que quedasen desertos os concursos convocados ó seu abeiro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias desta lei, quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) A Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións.
- b) A Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, excepto as súas disposicións adicionais quinta, sexta e sétima, e as súas disposicións transitorias sexta, sétima e décimo segunda.
- c) A Lei 17/1997, do 3 de maio, pola que se incorpora ó dereito español a Directiva 95/47/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, sobre o uso de normas para a transmisión de sinais de televisión e se aproban medidas adicionais para a liberalización do sector, modificada polo Real decreto lei 16/1997, do 13 de setembro.
- d) O Real decreto lei 16/1999, do 15 de outubro, polo que se adoptan medidas para combater a inflación e facilitar un maior grao de competencia nas telecomunicacións, con excepción do seu artigo 6.
- e) O capítulo I do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións.
- f) A disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- g) A Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias sexta e décima desta lei.
- h) Igualmente, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico.*

Un. Modifícase o artigo 21 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 21. *Prohibición de comunicacións comerciais realizadas a través de correo electrónico ou medios de comunicación electrónica equivalentes.*

1. Queda prohibido o envío de comunicacións publicitarias ou promocionais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente que previamente non fosen solicitadas ou expresamente autorizadas polos seus destinatarios.

2. O disposto no número anterior non será de aplicación cando exista unha relación contractual previa, sempre que o prestador obtivese de forma lícita os datos de contacto do destinatario e os empregase para o envío de comunicacións comerciais referentes a produtos ou servizos da súa propia empresa que sexan similares ós que inicialmente foron obxecto de contratación co cliente.

En todo caso, o prestador deberalle ofrecer ó destinatario a posibilidade de se opor ó tratamento dos seus datos con fins promocionais mediante un procedemento sinxelo e gratuito, tanto no momento de recolla dos datos como en cada unha das comunicacións comerciais que lle dirixa.»

Dous. Modifícase o artigo 22 da Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, coa seguinte redacción:

«Artigo 22. *Dereitos dos destinatarios de servizos.*

1. O destinatario poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais coa simple notificación da súa vontade ó remitente.

Para tal efecto, os prestadores de servizos deberán habilitar procedementos sinxelos e gratuítos para que os destinatarios de servizos poidan revogar o consentimento que prestasen.

Así mesmo, deberán facilitar información accesible por medios electrónicos sobre os ditos procedementos.

2. Cando os prestadores de servizos empreguen dispositivos de almacenamento e recuperación de datos en equipamentos terminais, informarán os destinatarios de maneira clara e completa sobre a súa utilización e finalidade, ofrecéndolle a posibilidade de rexeita-lo tratamento dos datos mediante un procedemento sinxelo e gratuito.

O anterior non impedirá o posible almacenamento ou acceso a datos co fin de efectuar ou facilitar tecnicamente a transmisión dunha comunicación por unha rede de comunicacións electrónicas ou, na medida en que resulte estrictamente necesario, para a prestación dun servizo da sociedade da información expresamente solicitado polo destinatario.»

Tres. Modifícase o artigo 38.3.b) da Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, que queda redactado da seguinte maneira:

«b) O envío masivo de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente a destinatarios que non autorizasen a súa remisión ou se opuxesen a ela ou o envío, no prazo dun ano, de máis de tres comunicacións comerciais polos medios aludidos a un mesmo destinatario, cando este non solicitase ou autorizase a súa remisión ou se opuxese a ela.»

Catro. Modifícase o artigo 38.4.d) da Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, que queda redactado da seguinte maneira:

«d) O envío de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente ós destinatarios que non autorizasen a súa remisión ou se opuxesen a ela, cando non constituía infracción grave.»

s

Cinco. Modifícase o artigo 43.1 da Lei de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico, que quedará redactado como segue:

«1. A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderalle, no caso de infraccións moi graves, ó ministro de Ciencia e Tecnoloxía e no de infraccións graves e leves, ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Non obstante o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións dictadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderalle ó órgano que dictou a resolución incumprida. Igualmente, corresponderalle á Axencia de Protección de Datos a imposición de sancións pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3.b) e 38.4.d) desta lei.»

Seis. Engádese unha disposición adicional sexta á Lei de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Fomento da sociedade da información.*

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, como departamento da Administración xeral do Estado responsable da proposta ó Goberno e da execución das políticas tendentes a promove-lo desenvolvemento en España da sociedade da información, a xeración de valor engadido nacional e a consolidación dunha industria nacional sólida e eficiente de produtos, servicios e contidos da sociedade da información, presentará ó Goberno para a súa aprobación e ás Cortes Xerais un plan cuadrienal para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa con obxectivos mensurables, estruturado arredor de accións concretas, con mecanismos de seguimento efectivos, que aborde de forma equilibrada tódolos frontes de actuación, prevendo diversos horizontes de maduración das iniciativas e asegurando a cooperación e a coordinación do conxunto das administracións públicas.

Este plan establecerá, así mesmo, os obxectivos, as accións, os recursos e a periodización do proceso de converxencia cos países da nosa contorna comunitaria en liña coas decisións e recomendacións da Unión Europea.

Neste sentido, o plan deberá:

Potenciar decididamente as iniciativas de formación e educación nas tecnoloxías da información para estende-lo seu uso; especialmente, no ámbito da educación, a cultura, a xestión das empresas, o comercio electrónico e a sanidade.

Afondar na implantación do goberno e a administración electrónica incrementando o nivel de participación cidadá e mellorando o grao de eficiencia das administracións públicas.»

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, salvo a disposición adicional décima e as disposicións transitorias oitava e décima, que se dictan ó abeiro da competencia estatal en materia de medios de comunicación social, prevista polo artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Competencias de desenvolvemento.*

O Goberno e o ministro de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co previsto nesta lei e no ámbito das súas respectivas competencias, poderán dicta-las normas regulamentarias que requiran o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## ANEXO I

### Taxas en materia de telecomunicacións

#### 1. Taxa xeral de operadores

Sen prexuízo da contribución económica que se lles poida impor ós operadores para o financiamento do servizo universal, de acordo co establecido no artigo 24 e no título III, todo operador estará obrigado a satisfacer á Administración xeral do Estado e ós seus organismos públicos unha taxa anual que non poderá exceder-lo dous por mil dos seus ingresos brutos de explotación e que estará destinada a sufragar-lo gastos que se xeren, incluídos os de xestión, control e execución, pola aplicación do réxime xurídico establecido nesta lei, polas autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o artigo 46.

Para efectos do sinalado no parágrafo anterior, enténdese por ingresos brutos o conxunto de ingresos que obteña o operador derivados da explotación das redes e a prestación dos servicios de comunicacións electrónicas incluídos no ámbito de aplicación desta lei. Para tales efectos, non se considerarán como ingresos brutos os correspondentes a servicios prestados por un operador se o importe destes é recadado dos usuarios co fin de remunerar-lo servicios de operadores que exploten redes ou presten servicios de comunicacións electrónicas.

A taxa devengarase o 31 de decembro de cada ano. Non obstante, se por causa imputable ó operador, este perdese a habilitación para actuar como tal en data anterior ó 31 de decembro, a taxa devengarase na data en que esta circunstancia se produza.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, a Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá anualmente a porcentaxe que se aplicará sobre os ingresos brutos de explotación que obteña o operador, co límite determinado neste número para a fixación do importe da taxa, tomando en consideración a relación entre os ingresos do cobramento da taxa e os gastos ocasionados polo funcionamento da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

A diferenza entre os ingresos orzados por este concepto e os realmente obtidos será tida en conta para efectos de reducir ou incrementa-la porcentaxe que se fixe na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano seguinte.

te. Tomarase como obxectivo conseguir-lo equilibrio entre os ingresos pola taxa e os gastos derivados da citada actividade realizada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Non obstante, en caso de ser reducida a porcentaxe na Lei de orzamentos xerais do Estado ó límite do 1,5 por mil do ingreso bruto, o superávit entre ingresos obtidos e gastos, se o houber, será ingresado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións na Axencia Estatal de Radiocomunicacións, nos prazos e nas condicións que se establezan regulamentariamente, tendo en conta as súas necesidades de financiamento.

## 2. *Taxas por numeración telefónica*

1. Constitúe o feito impositivo da taxa a asignación pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións de bloques de numeración ou de números a favor dunha ou varias persoas ou entidades.

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas ás que se asignen os bloques de numeración ou os números.

A taxa devengarase o 1 de xaneiro de cada ano, excepto a do período inicial, que se devengará na data en que se produza a asignación de bloques de numeración ou de números.

O procedemento para a súa exacción establecerase por regulamento. O importe da exacción será o resultado de multiplica-la cantidade de números asignados polo valor outorgado a cada número.

O valor de cada número poderá ser diferente, en función do número de díxitos e dos distintos servizos a que afecte e fixarase anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Para os efectos desta taxa, enténdese que tódolos números están formados por nove díxitos. Cando se asignen números con menos díxitos, para os efectos do cálculo da contía a pagar no concepto de taxa, considerase que se están asignando a totalidade dos números de nove díxitos que se poidan formar mantendo como parte inicial destes o número asignado.

2. Non obstante o disposto no epígrafe anterior, na fixación do importe a satisfacer por esta taxa poderase tomar en consideración o valor de mercado do uso do número asignado e a rendibilidade que del puidese obte-la persoa ou entidade beneficiaria, conforme o disposto no número 4 do artigo 17.

Neste caso, nos supostos de carácter excepcional en que así estea previsto no plan nacional de numeración telefónica ou as súas disposicións de desenvolvemento e nos termos que naquel se fixen, con base no especial valor de mercado do uso de determinados números, a contía anual poderase substituír pola que resulte dun procedemento de licitación no que se fixará un valor inicial de referencia e o tempo de duración da asignación. Se o valor de adxudicación da licitación resultase superior ó dito valor de referencia, aquel constituirá o importe da taxa.

3. Procederá a devolución do importe da taxa por numeración que proporcionalmente corresponda cando se produza a cancelación da asignación de recursos de numeración a pedimento do interesado, durante o exercicio anual que corresponda. Para isto, seguirase o procedemento establecido regulamentariamente.

4. O importe dos ingresos obtidos por esta taxa ingresarase no Tesouro Público e destinarase ó financiamento dos gastos que soporte a Administración xeral do Estado na xestión, control e execución do réxime xurídico establecido nesta lei.

## 3. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico*

1. A reserva para uso privativo de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico a favor dunha ou varias persoas ou entidades gravarase cunha taxa anual, nos termos que se establecen neste número.

Para a fixación do importe a satisfacer en concepto desta taxa polos suxeitos obrigados, terase en conta o valor de mercado do uso da frecuencia reservada e a rendibilidade que del puidese obte-lo beneficiario.

Para a determinación do citado valor de mercado e da posible rendibilidade obtida polo beneficiario da reserva tomaranse en consideración, entre outros, os seguintes parámetros:

- a) O grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas.
- b) O tipo de servizo para o que se pretende utiliza-la reserva e, en particular, se este vai acompañado das obrigas de servizo público recollidas no título III.
- c) A banda ou sub-banda do espectro que se reserve.
- d) Os equipamentos e a tecnoloxía que se empreguen.
- e) O valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado.

2. O importe a satisfacer en concepto desta taxa será o resultado de dividir polo tipo de conversión previsto na Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, o resultado de multiplica-la cantidade de unidades de reserva radioeléctrica do dominio público reservado polo valor que se asigne á unidade. Nos territorios insulares, a superficie a aplicar para o cálculo das unidades radioeléctricas que se utilicen para a determinación da taxa correspondente calcularase excluindo a cobertura non solicitada que se estenda sobre a zona marítima. Para os efectos do disposto neste número, enténdese por unidade de reserva radioeléctrica un patrón convencional de medida, referido á ocupación potencial ou real, durante o período dun ano, dunha amplitude de banda dun quilohertz sobre un territorio dun quilómetro cadrado.

3. A cuantificación dos parámetros anteriores determinarase por lei de orzamentos xerais do Estado. A redución do parámetro indicado na alínea b) do epígrafe 1 deste número da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico será de 75 por cento do valor do dito coeficiente para as redes e servizos de comunicacións electrónicas que vaian acompañados das obrigas de servizo público dos artigos 22 e 25, números 1 e 2, desta lei, ou para o dominio público destinado á prestación de servizos públicos en xestión directa ou indirecta mediante concesión administrativa.

Así mesmo, na lei a que se refire o parágrafo anterior fixarase:

- a) A fórmula para o cálculo do número de unidades de reserva radioeléctrica dos distintos servizos radioeléctricos.
- b) Os tipos de servizos radioeléctricos.
- c) O importe mínimo que se ingresará en concepto de taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

4. O pagamento da taxa deberá ser realizado polo titular da reserva de dominio público radioeléctrico. As estacións meramente receptoras que non dispoñan de reserva radioeléctrica estarán excluídas do pagamento da taxa. O importe da exacción será ingresado no Tesouro Público.

5. O importe da taxa deberá ser satisfeito anualmente. Devengarase inicialmente o día do outorgamento do título habilitante para o uso de demanio e, posteriormente, o día 1 de xaneiro de cada ano.

a

6. O procedemento de exacción establecerase por norma regulamentaria. A falta de pagamento do importe da taxa poderá motiva-la suspensión ou a perda do dereito á ocupación do dominio público radioeléctrico.

7. As administracións públicas estarán exentas do pagamento desta taxa nos supostos de reserva de frecuencia do dominio público radioeléctrico para a prestación de servizos obrigatorios de interese xeral sen contrapartida económica directa ou indirecta, como taxas, prezos públicos ou privados, nin outros ingresos derivados desa prestación, tales como os ingresos en concepto de publicidade. Para tal efecto, deberán solicitar, fundamentalmente, a exención ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Así mesmo, non estarán suxeitos ó pagamento os enlaces descendentes de radiodifusión por satélite, tanto sonora como de televisión.

#### 4. *Taxas de telecomunicacións*

1. A xestión precisa para a emisión de certificacións rexistradas e da presentación de proxecto técnico e do certificado ou boletín de instalación que ampara as infraestruturas comúns de telecomunicacións no interior de edificios, de cumprimento das especificacións técnicas de equipamentos e aparellos de telecomunicacións, así como a emisión de dictames técnicos de avaliación da conformidade destes equipamentos e aparellos, as inscricións no rexistro de instaladores de telecomunicación, as actuacións inspectoras ou de comprobación técnica que, con carácter obrigatorio, veñan establecidas nesta lei ou noutras disposicións con rango legal, a tramitación de autorizacións ou concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico e a tramitación de autorizacións de uso especial do dito dominio darán dereito á exacción das taxas compensatorias do custo dos trámites e actuacións necesarias, conforme o que se dispón nos parágrafos seguintes.

Así mesmo, dará dereito á exacción das correspondentes taxas compensatorias, conforme o disposto nos parágrafos seguintes, a realización dos exames para a obtención do diploma de operador de estacións de radioaficionados e a expedición deste.

2. Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación pola Administración dos servizos necesarios para o outorgamento das certificacións correspondentes, da emisión de dictames técnicos, as inscricións no rexistro de instaladores de telecomunicación e a realización das actuacións inspectoras ou de comprobación técnica sinaladas no número anterior, así como a tramitación de autorizacións ou concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico e a tramitación de autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico, a realización dos exames de operador de estacións de aficionado e a expedición dos diplomas correspondentes.

3. Serán suxeitos pasivos da taxa, segundo os supostos, a persoa natural ou xurídica que solicite a correspondente certificación ou dictame técnico de avaliación, a correspondente inscrición no rexistro de instaladores de telecomunicación, aquela á que proceda practicalas actuacións inspectoras de carácter obrigatorio ou solicite a tramitación de autorizacións ou concesións demaniais para o uso privativo do dominio público radioeléctrico ou a tramitación de autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico, e a que se presente ós exames para a obtención do título de operador de estacións de aficionado á que se lle expida o correspondente diploma.

4. A contía da taxa establecerase na Lei de orzamentos xerais do Estado. A taxa devengarase no momento da solicitude correspondente. O rendemento da taxa

ingresarase no Tesouro Público ou, se é o caso, nas contas bancarias habilitadas para o efecto respectivamente pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións nos termos previstos nos artigos 47 e 48 desta lei, na forma que regulamentariamente se determine. Así mesmo, regulamentariamente establecerase a forma de liquidación da taxa.

A realización de probas ou ensaios para comproba-lo cumprimento de especificacións técnicas terá a consideración de prezo público cando aquelas poidan ser efectuadas polo interesado, opcionalmente, en centros dependentes da Administración de calquera Estado membro da Unión Europea, da Administración española ou en centros privados ou alleos a aquelas, cando as probas sexan solicitadas polo interesado voluntariamente sen que estea obrigado a isto pola normativa en vigor.

5. Fins das taxas, a súa xestión e recadación en período voluntario, pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións e polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

1. Para os efectos do disposto no número 5 do artigo 49, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e a Axencia Estatal de Radiocomunicacións deberán presentar, nos termos que se establezan regulamentariamente, unha conta anual dos ingresos xerados polas taxas que recadan, ó abeiro da competencia de xestión recadatoria que lles outorgan os parágrafos seguintes deste número. A diferenza, se é o caso, entre os ingresos obtidos pola taxa xeral de operadores e os gastos ocasionados polo exercicio das súas actividades será ingresada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións na Axencia Estatal de Radiocomunicacións, de conformidade co disposto no número 1 do anexo I desta lei.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións xestionará e recadará as taxas en período voluntario, que se regulan nos números 1 e 2 deste anexo, así como as do número 4 do citado anexo I que se recaden pola prestación de servizos que teña encomendados a Comisión, de acordo co previsto nesta lei.

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións xestionará en período voluntario a taxa que regula no número 3, e xestionará e recadará en período voluntario as taxas previstas no número 4 cando se recaden pola prestación de servizos que teña encomendados a Axencia, de acordo co previsto nesta lei.

3. Nos supostos non incluídos no parágrafo anterior, corresponderalle a xestión en período voluntario destas taxas ó órgano competente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

## ANEXO II

### Definicións

1. Abonado: calquera persoa física ou xurídica que celebre un contrato cun provedor de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público para a prestación de tales servizos.

2. Acceso: a posta ó dispor doutro operador, en condicións definidas e sobre unha base exclusiva ou non exclusiva, de recursos ou servizos con fins de prestación de servizos de comunicacións electrónicas. Este termo abrangue, entre outros aspectos, os seguintes: o acceso a elementos de redes e recursos asociados que poden requirir-la conexión de equipamentos por medios fixos e non fixos (en particular, isto inclúe o acceso ó bucle local e a recursos e servizos necesarios para facilitar servizos a través do bucle local); o acceso a infraestruturas físicas, como edificios, conductos e mastros; o acceso a sistemas informáticos pertinentes, incluídos



os sistemas de apoio operativos; o acceso á conversión do número de chamada ou a sistemas cunha funcionalidade equivalente; o acceso a redes fixas e móbiles, en particular con fins de itinerancia; o acceso a sistemas de acceso condicional para servicios de televisión dixital; o acceso a servicios de rede privada virtual.

3. Bucle local ou bucle de abonado da rede pública telefónica fixa: o circuíto físico que conecta o punto de terminación da rede nas dependencias do abonado á rede de distribución principal ou instalación equivalente da rede pública de telefonía fixa.

4. Consumidor: calquera persoa física ou xurídica que utilice ou solicite un servicio de comunicacións electrónicas dispoñible para o público para fins non profesionais.

5. Dereitos exclusivos: os dereitos concedidos a unha empresa por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que lle reserve o dereito a prestar un servicio ou a emprender unha actividade determinada nunha zona xeográfica específica.

6. Dereitos especiais: os dereitos concedidos a un número limitado de empresas por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que, nunha zona xeográfica específica:

a) Designen ou limiten, conforme criterios que non sexan obxectivos, proporcionais e non discriminatorios, a dúas ou máis o número de tales empresas autorizadas a prestar un servicio ou emprender unha actividade determinada, ou

b) Confira a unha empresa ou empresas, conforme tales criterios, vantaxes legais ou regulamentarias que dificulten gravemente a capacidade doutra empresa de presta-lo mesmo servicio ou emprenda-la mesma actividade na mesma zona xeográfica e nunhas condicións basicamente similares.

7. Enderezo: cadea ou combinación de cifras e símbolos que identifica os puntos de terminación específicos dunha conexión e que se utiliza para encamiñamento.

8. Operador con poder significativo no mercado: operador que, individual ou conxuntamente con outros, desfruta dunha posición equivalente a unha posición dominante, isto é, unha posición de forza económica que permite que o seu comportamento sexa, en medida apreciable, independente dos competidores, os clientes e, en última instancia, os consumidores que sexan persoas físicas.

9. Equipamento avanzado de televisión dixital: decodificadores para a conexión a televisores ou televisores dixitais integrados capaces de recibir servicios de televisión dixital interactiva.

10. Equipamento terminal: equipamento destinado a ser conectado a unha rede pública de comunicacións electrónicas, isto é, a estar conectado directamente ós puntos de terminación daquela ou interfuncionar, ó seu través, con obxecto de enviar, procesar ou recibir información.

11. Especificación técnica: a especificación que figura nun documento que define as características necesarias dun produto, tales como os niveis de calidade ou as propiedades do seu uso, a seguridade, as dimensións, os símbolos, as probas e os métodos de proba, o empaquetamento, a marcación e a etiquetaxe. Inclúense dentro da citada categoría as normas aplicables ó produto no que se refire á terminoloxía.

12. Espectro radioeléctrico: as ondas radioeléctricas nas frecuencias comprendidas entre 9 KHz e 3000 GHz; as ondas radioeléctricas son ondas electromagnéticas propagadas polo espazo sen guía artificial.

13. Explotación dunha rede de comunicación electrónica: a creación, o aproveitamento, o control ou a posta ó dispor da dita rede.

14. Interconexión: a conexión física e lóxica das redes públicas de comunicacións utilizadas por un mesmo operador ou por outro distinto, de maneira que os usuarios dun operador se poidan comunicar cos usuarios do mesmo operador ou doutro distinto, ou acceder ós servicios prestados por outro operador. Os servicios poderán ser prestados polas partes interesadas ou por terceiros que teñan acceso á rede. A interconexión constitúe un tipo particular de acceso entre operadores de redes públicas.

15. Interface de programa de aplicación (API): a interface de software entre as aplicacións externas, posta ó dispor polos operadores de radiodifusión ou prestadores de servicios, e os recursos do equipamento avanzado de televisión dixital para os servicios de radio e televisión dixital.

16. Interferencia prexudicial: toda interferencia que supoña un risco para o funcionamento dun servicio de radionavegación ou doutros servicios de seguridade ou que degrade ou obstrúa gravemente ou interrompa de forma repetida un servicio de radiocomunicación que funcione de conformidade coa regulamentación comunitaria ou nacional aplicable.

17. Nome: combinación de caracteres (números, letras ou símbolos).

18. Número: cadea de cifras decimais.

19. Número xeográfico: o número identificado no plan nacional de numeración que contén en parte da súa estrutura un significado xeográfico utilizado para o encamiñamento das chamadas cara á localización física do punto de terminación da rede.

20. Números non xeográficos: os números identificados no plan nacional de numeración que non son números xeográficos. Inclúiran, entre outros, os números de teléfonos móbiles, os de chamada gratuíta e os de tarificación adicional.

21. Operador: persoa física ou xurídica que explota redes públicas de comunicacións electrónicas ou presta servicios de comunicacións electrónicas dispoñibles ó público e notificou á Comisión do Mercado das Telecomunicacións o inicio da súa actividade.

22. Punto de terminación da rede: o punto físico no que o abonado accede a unha rede pública de comunicacións. Cando se trate de redes nas que se produzan operacións de conmutación ou encamiñamento, o punto de terminación da rede estará identificado mediante un enderezo de rede específico, o cal poderá estar vinculado ó número ou ó nome dun abonado. O punto de terminación de rede é aquel no que terminan as obrigas dos operadores de redes e servicios e ó que, se é o caso, se poden conecta-los equipamentos terminais.

23. Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioeléctricas.

24. Recursos asociados: aqueles sistemas, dispositivos ou outros recursos asociados cunha rede de comunicacións electrónicas ou cun servicio de comunicacións electrónicas que permitan ou apoiem a prestación de servicios a través da dita rede ou servicio; inclúen os sistemas de acceso condicional e as guías electrónicas de programas.

25. Rede de comunicacións electrónicas: os sistemas de transmisión e, cando proceda, os equipamentos de conmutación ou encamiñamento e demais recursos que permitan o transporte de sinais mediante cables, ondas hertzianas, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos con inclusión das redes de satélites, redes terrestres fixas (de conmutación de circuítos e de paquetes, incluída a internet) e móbiles, sistemas de tendido eléctrico, na medida en que se utilicen para a transmisión de sinais, redes utilizadas para a radiodifusión sonora e televisiva e redes de televisión por cable, con independencia do tipo de información transportada.

a

26. Rede pública de comunicacións: unha rede de comunicacións electrónicas que se utiliza, na súa totalidade ou principalmente, para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público.

27. Rede telefónica pública: unha rede de comunicación electrónica utilizada para a prestación de servizos telefónicos dispoñibles ó público. Serve de soporte á transferencia, entre puntos de terminación da rede, de comunicacións vocais, así como doutros tipos de comunicacións, como o fax e a transmisión de datos.

28. Servizo de comunicacións electrónicas: o prestado polo xeral en troca dunha remuneración que consiste, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas, con inclusión dos servizos de telecomunicacións e servizos de transmisión nas redes utilizadas para a radiodifusión, pero non dos servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas ou das actividades que consistan no exercicio do control editorial sobre eses contidos; quedan excluídos, así mesmo, os servizos da sociedade da información definidos no artigo 1 da Directiva 98/34/CE que non consistan, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas.

29. Servizo de televisión de formato largo: o servizo de televisión constituído, total ou parcialmente, por programas producidos e editados para a súa presentación en formato largo completo. A relación de dimensións 16:9 constitúe o formato de referencia para os servizos de televisión deste tipo.

30. Servizo telefónico dispoñible ó público: o servizo dispoñible ó público a través dun ou máis números dun plan nacional ou internacional de numeración telefónica, para efectuar e recibir chamadas nacionais e internacionais e ter acceso ós servizos de emerxencia, podendo incluír adicionalmente, cando sexa pertinente, a prestación de asistencia mediante operador, os servizos de información sobre números de abonados, guías, a oferta de teléfonos públicos de pagamento, a prestación de servizos en condicións especiais, a oferta de facilidades especiais ós clientes con discapacidade ou con necesidades sociais especiais e a prestación de servizos non xeográficos.

31. Sistema de acceso condicional: toda medida técnica ou mecanismo técnico que condicione o acceso en forma intelixible a un servizo protexido de radiodifusión sonora ou televisiva ó pagamento dunha cota ou outra forma de autorización individual previa.

32. Telecomunicacións: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

33. Teléfono público de pagamento: un teléfono accesible ó público en xeral e para a utilización do cal se poden empregar como medios de pagamento moedas, tarxetas de crédito/débito ou tarxetas de prepago, incluídas as tarxetas que utilizan códigos de marcación.

34. Usuario: unha persoa física ou xurídica que utiliza ou solicita un servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.

35. Usuario final: o usuario que non explota redes públicas de comunicacións nin presta servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público nin tampouco os revende.

36. Autoridade nacional de regulamentación: o Goberno, os departamentos ministeriais, órganos superiores e directivos e organismos públicos que, de conformidade con esta lei, exercen as competencias que nela se prevén.

**20254** *LEI 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.* («BOE» 264, do 4-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

As disposicións fundamentais da lexislación estatal sobre patrimonio aproxímanse ós corenta anos de vixencia: o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado aprobouse polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril, e o seu regulamento polo Decreto 3588/1964, do 5 de novembro.

Durante as case catro décadas transcorridas desde a súa promulgación, o contexto político e xurídico en que se insiren estas normas, e incluso a mesma realidade que pretenden regular, experimentaron cambios transcendentais. Factores destacados desta evolución foron, entre outros de menor importancia, a aprobación da Constitución de 1978, que, por unha parte, dedica un artigo específico, o 132, ós bens públicos, demandando leis para regular «o patrimonio do Estado» e «o réxime xurídico dos bens de dominio público» e, por outra, articula territorialmente o Estado sobre a base de comunidades autónomas, competentes, cada unha delas para regula-lo seu patrimonio propio; cabe destacar tamén o proceso xeral de renovación normativa que afectou os corpos legais básicos que pautan a actividade da Administración; a proliferación de réximes especiais de xestión patrimonial, a través dos cales se canaliza a administración de amplas masas de bens; e, por último, a notoria ampliación do parque inmobiliario público, especialmente no que se refire ós edificios destinados a usos administrativos, co correlativo incremento da súa participación no gasto público e a conseguinte necesidade de considerar con maior detención as implicacións orzamentarias da súa xestión. De igual forma, o sector público empresarial experimentou un notable crecemento e diversificación tipolóxica, adquirindo unha progresiva complexidade o marco das súas relacións coa Administración xeral do Estado.

A adaptación da lexislación patrimonial a este novo escenario tratouse de levar a cabo a través de modificacións parciais do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado e a promulgación de normas que regularon aspectos concretos da administración dos bens estatais.

Non obstante, o carácter parcial e limitado destes intentos impediu articular unha resposta integral ás esixencias formuladas polas novas condicións en que se debe desenvolver a xestión patrimonial, de tal forma que, no momento actual, a lexislación sobre bens públicos se enfronta ó reto de integrar unha serie de lagoas e solventar certos problemas que só se poden abordar con propiedade a través dunha completa reforma legal.

Entre as cuestións que se deben afrontar de forma perentoria atópase, en primeiro lugar, a definición do marco estatal que debe servir de referencia ás distintas administracións en canto lexislación básica en materia de bens públicos.

De igual forma, parece necesario reconducir a fragmentación normativa que afecta a lexislación aplicable ós patrimonios públicos do sector estatal, especialmente